


GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA  
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

# Socioloxía, Economía e Ciencia Política

Rosa Maria Ortiz Monera  
Anna Maria Morero Beltrán



2020  
Universidade da Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Vigo



SOCIOLOXÍA, ECONOMÍA  
E CIENCIA POLÍTICA

Rosa Maria Ortiz Monera  
Anna Maria Morero Beltrán

2020

Universidade da Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Vigo

## GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero  
da Xarxa Vives d'Universitats

**Elena VILLATORO BOAN**, presidenta da Comisión de Igualdade e Conciliación de Vida Laboral e Familiar, Universidade Abat Oliba CEU • **Mª José RODRÍGUEZ JAUME**, vicerreitora de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade, Universidade de Alacante • **Cristina YÁÑEZ DE ALDECOA**, coordinadora da Reitoría en Internacionalización e Relacións institucionais, Universidade de Andorra • **Joana GALLEGU AYALA**, directora do Observatorio para a igualdade, Universidade Autónoma de Barcelona • **M. Pilar RIVAS VALLEJO**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Barcelona • **Ruth María ABRIL STOFFELS**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade CEU Cardeal Herrera • **Ana M. PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universidade de Xirona • **Esperança BOSCH FIOU**, directora e coordinadora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universidade das Illas Baleares • **Consuelo LEÓN LLORENTE**, directora do Observatorio de Políticas Familiares, Universidade Internacional de Cataluña • **Mercedes ALCANIZ MOSCARDÓ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Jaume I • **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centro Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universidade de Lleida • **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Miguel Hernández de Elche • **María OLIVELLA QUINTANA**, directora do Grupo de Igualdade de Xénero, Universidade Aberta de Cataluña • **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universidade de Perpignan Via Domitia • **Sílvia GÓMEZ CASTÁN**, técnica de Igualdade do Gabinete de Innovación e Comunidade, Universidade Politécnica de Cataluña • **M. Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universidade Politécnica de Valencia • **Tània VERGE MESTRE**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Pompeu Fabra • **Maite SALA RODRÍGUEZ**, técnica de relacións internacionais e estudantes, Universidade Ramon Llull • **Inma PASTOR GOSÁLVEZ**, directora do Observatorio da Igualdade, Universidade Rovira i Virgili • **Amparo MANÉS BARBÉ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Valencia • **Anna PÉREZ I QUINTANA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Vic - Universidade Central de Cataluña

### Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela

© Xarxa Vives d'Universitats, 2018, da edición orixinal  
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,  
Universidade de Vigo, 2020, desta edición

#### Tradución

Milena Vázquez Fernández

#### Deseño e maquetación

José María Gairí

#### Edición técnica

Servizo de Publicacións

Universidade de Santiago de Compostela

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

#### Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

# •• ÍNDICE

<b>Presentación</b> .....	5
Artes e Humanidades.....	7
Ciencias Sociais e Xurídicas.....	7
Ciencias.....	7
Ciencias da Vida.....	7
Enxeñarías.....	7
<b>01. Introducción</b> .....	9
<b>02. Implicacións da cegueira de xénero</b> .....	11
<b>03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia</b> .....	15
<b>04. Boas prácticas</b> .....	27
Obxectivos e contidos docentes en economía.....	27
Obxectivos e contidos docentes en ciencia política.....	36
Obxectivos e contidos docentes en socioloxía.....	43
Avaliación.....	49
Modalidades organizativas.....	51
Método docente.....	52
<b>05. Recursos docentes</b> .....	53
Linguaxe sensible ao xénero e exemplos sen nesgos androcéntricos.....	53
Selección de temas para facer presentacións que recollan os intereses das mulleres e dos homes.....	54
Presentación de datos desagregados por sexo e análise sensibles ao xénero.....	55
Selección de materiais visuais sensibles ao xénero.....	59
SOCIOLOXÍA.....	59
ECONOMÍA.....	60
POLÍTICA.....	61
Dinámicas na aula.....	62

<b>06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero</b> .....	63
<b>07. Ferramentas de consulta</b> .....	73
Socioloxía.....	73
1. WEBGRAFIA SOBRE MATERIAIS DOCENTES, INVESTIGACIÓNS E PROXECTOS.....	73
2. BIBLIOGRAFIA DE REFERENCIA.....	75
3. LIGAZÓNS A GUÍAS DOCENTES DE MATERIAS ESPECÍFICAS DE XÉNERO.....	78
Economía.....	78
1. WEBGRAFIA SOBRE MATERIAIS DOCENTES, INVESTIGACIÓNS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN.....	78
2. BIBLIOGRAFÍA.....	79
3. LIGAZÓNS A GUÍAS DOCENTES DE MATERIAS ESPECÍFICAS DE XÉNERO.....	82
Ciencia política.....	83
1. WEBGRAFÍA SOBRE MATERIAS DOCENTES, INVESTIGACIÓN E PROXECTOS.....	83
2. BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA.....	84
3. LIGAZÓNS A GUÍAS DOCENTES DE MATERIAS ESPECÍFICAS DE XÉNERO.....	85
Glosario de conceptos para socioloxía, economía e ciencia política.....	86
Referencias bibliográficas comúns.....	89
<b>08. Para afondar</b> .....	91

## •• Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero ou *gender mainstreaming* é unha política integral para promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes nesgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en conta as características, as necesidades e os intereses tanto de mulleres como de homes, distinguindo os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da feminidade e da masculinidade (xénero) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives de Universidades (XVU) promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, especialmente no ámbito de acción da perspectiva de xénero. É oportuno lembrar que as políticas que non teñen en conta estes roles diferentes e estas necesidades diversas e, por tanto, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, a través da cal lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, proporcionamos fontes de referencia e autoridade académica e buscamos fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible ao sexo e ao xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha parte, se se afonda na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, tanto a nivel teórico como empírico, que se producen cando se parte do home como referente universal ou non se ten en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes. Deste xeito, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a

relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re) producidas.

Da outra, proporcionarlle ao alumnado novas ferramentas para identificar os estereotipos, normas e roles sociais de xénero contribúe a desenvolver o seu espírito crítico e a que adquira competencias que lle permitan evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas que aseguren que se atende á diversidade do estudantado.

O documento que tes nas túas mans é froito do plan de traballo bianual 2016/17 do Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero, na docencia e na investigación universitaria. Nunha primeira fase, o informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les Universitats de la Xarxa Vives: Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universidade Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universidade de Xirona), constatou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria seguía sendo un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo, estatal e dos territorios da XVU.

Un dos principais retos identificados neste informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao era a necesidade de formar o profesorado nesta competencia. Nesta liña, apuntábase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden o profesorado a facer unha docencia sensible ao xénero.

Así, nunha segunda fase, elaborouse o recurso *Guies per a una docència universitària amb perspectiva de gènere*, baixo a coordinación de Teresa Cabruja Ubach, María José Rodríguez Jaume (Universidade de Alacante) e Tània Verge Mestre. Elaboráronse en conxunto once guías, entre unha e catro por ámbito de coñecemento, que foron encargadas a profesoras expertas na aplicación da perspectiva de xénero na súa disciplina en diferentes universidades:



### Artes e Humanidades

**Historia:** Mónica Moreno Seco (Universidade de Alacante)

**Historia da Arte:** María Lluïsa Faxedas Brujats (Universidade de Xirona)

**Filoloxía e Lingüística:** Montserrat Ribas Bisbal (Universidade Pompeu Fabra)

**Filosofía:** Sonia Reverter-Bañón (Universidade Jaume I)

### Ciencias Sociais e Xurídicas

**Dereito e Criminoloxía:** M. Concepción Torres Díaz (Universidade de Alacante)

**Socioloxía, Economía e Ciencia Política:** Rosa Maria Ortiz Monera e Anna Maria Morero Beltrán (Universidade de Barcelona)

**Educación e Pedagogía:** Montserrat Rifà Valls (Universidade Autónoma de Barcelona)

### Ciencias

**Física:** Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

### Ciencias da Vida

**Medicina:** M. Teresa Ruiz Cantero (Universidade de Alacante)

**Psicoloxía:** Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universidade das Illas Baleares)

### Enxeñarías

**Ciencias da Computación:** Paloma Moreda Pozo (Universidade de Alacante)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias impartidas non implica máis que unha reflexión sobre os diferentes elementos que configuran o proceso de ensino-aprendizaxe, partindo do sexo e do xénero como variables analíticas clave. Para poder revisar as vosas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria*

con perspectiva de xénero atoparedes recomendacións e indicacións que cobren todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, exemplos e linguaxe utilizados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación e xestión da contorna de aprendizaxe. Despois de todo, incorporar o principio de igualdade de xénero non é só unha cuestión de xustiza social, senón de calidade da docencia.

Teresa Cabruja Ubach, María José Rodríguez Jaume e Tània Verge Mestre

Coordinadoras

## •• 01. Introducción

Rosa M.<sup>a</sup> Ortiz Monera e Anna M.<sup>a</sup> Morero Beltrán, profesoras da Universidade de Barcelona, recollen nesta guía un amplo abano de recomendacións para introducir a perspectiva de xénero na docencia da socioloxía, da economía e da ciencia política.

A través da docencia ofrecémoslle ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e as relacións sociais, proporcionamos fontes de referencia e autoridade académica e, así mesmo, perseguimos poñer en práctica a participación e o espírito crítico. Como se pon de manifesto nesta guía, sen unha reflexión sobre os nesgos de xénero que poden estar presentes no exercicio da nosa docencia, o profesorado pode contribuir a reforzar e perpetuar a desigualdade de xénero.

Por este motivo, a guía comeza cunha discusión dos aspectos que marcan a **cegueira de xénero** das disciplinas nela traballadas e as súas implicacións (segundo apartado). Neste sentido, sinálase como estas disciplinas se construíron partindo da experiencia masculina canto aos conceptos, as variables e os indicadores, o que motivou que a experiencia, os espazos e os traballos asignados ás mulleres fosen tradicionalmente desprezados e que as súas contribucións se invisibilizasen.

A continuación, preséntanse diferentes ferramentas para lle axudar ao profesorado a realizar unha docencia sensible ao xénero. Por unha parte, ofrécense **propostas xerais** para incorporar a perspectiva de xénero na docencia (terceiro apartado). Para iso, danse a coñecer as achegas de diversas autoras que, como resposta ao nesgo androcéntrico das ciencias sociais, puxeron de relevo a importancia de estudar a realidade social desde novos paradigmas que inclúan e valoren as experiencias das mulleres. Así mesmo, tamén se sinala a importancia de avanzar cara a unha ciencia comprometida coa igualdade de xénero, en que se identifiquen e se cuestionen as desigualdades existentes e se ofrezan solucións para as erradicar.

Por outra parte, preséntanse propostas concretas para introducir a perspectiva de xénero na docencia nas disciplinas mencionadas. Ofrécese

unha serie de **boas prácticas** que comprenden contidos, avaliacións e metodoloxías docentes da socioloxía, a economía e a ciencia política (cuarto apartado). A guía tamén inclúe diferentes **recursos docentes** (quinto apartado) e proporciona indicacións sobre como o profesorado pode axudar ao alumnado a **incorporar a perspectiva de xénero na investigación**, especialmente nos traballos de fin de grao (TFG) ou de fin de máster (TFM) (sexto apartado). Así mesmo, recóllense diferentes **ferramentas de consulta** –páxinas webs, bibliografía, glosario de conceptos e ligazóns a guías docentes– que poden servir de exemplo ( sétimo apartado) e preséntanse algunhas ideas **para afondar** no proceso de reflexión sobre como impartir unha docencia sensible ao xénero (oitavo apartado).

## •• 02. Implicacións da cegueira de xénero

Nas ciencias sociais a cegueira de xénero ten consecuencias teóricas e empíricas, amais de influír na intervención derivada do coñecemento. A seguir presentamos algunhas cuestións destacadas en relación coa cegueira de xénero nos ámbitos da socioloxía, a economía e a ciencia política.

A **socioloxía** é a ciencia que estuda o comportamento social das persoas, os grupos e a organización das sociedades. Por tanto, permítenos entender o mundo e o seu funcionamento. Como o resto das ciencias sociais, a miúdo construíu un imaxinario sociolóxico ou unha cosmovisión do mundo en masculino que leva consigo unha interpretación da realidade social eminentemente nesgada.

O feito de non incorporar o xénero na socioloxía ten graves consecuencias tanto para a disciplina como para a sociedade. Unha socioloxía que non considera o xénero como eixe estruturador deixa fóra da análise como afectan os problemas sociais á metade da poboación. A comprensión do xénero require reconsiderar os temas ou problemas sociais que poden parecer ben entendidos. Desafiar o asumido como normal é un dos principais obxectivos da perspectiva sociolóxica. Como importa o xénero na vida social? A pesar de que o mundo social é complexo e está sempre en constante cambio, réxeno algúns principios. Precisamente o xénero é un dos principios das relacións e da organización social que contribúe a construír padróns de conduta. Se entendemos o xénero, poderemos entender mellor o mundo (Wharton, 2012).

Cómpre respondermos, daquela, unha cuestión formulada moitos anos atrás: pode a socioloxía converterse nunha ciencia ao servizo de toda a sociedade en lugar de nunha ciencia da sociedade exclusivamente masculina? (Bernard, 1973: 781). A resposta é si. As teorías feministas achegaron á socioloxía crítica unha mirada que puxo de evidencia non só o nesgo implícito na propia construción da socioloxía, senón tamén a armazón material e simbólica que crea e reproduce unha estrutura hexemónica masculina en todos os ámbitos da sociedade. Pierre Bourdieu (1998) denomina esta estrutura «dominación masculina» (Cobo, 2011).

Un exemplo concreto do nesgo de xénero na socioloxía poderíase explicar a través das estruturas sociais, xa que cada unha das persoas que compoñen a sociedade están adscritas a algunha delas. Pero lonxe da análise que a miúdo se mostra, as sociedades non só están estratificadas a través de clases sociais que configuran grupos sociais xerarquizados e asimétricos con respecto a posición social e uso dos recursos. Tamén o xénero, a raza, a cultura, a etnia ou a preferencia sexual, entre outras, constitúen formas de estratificación das que resulta a formación de grupos que sofren subordinación social e/ou marxinação económica, política e cultural (Cobo, 2001: 11).

No que respecta á **economía**, desde a economía feminista púxose de relevo como tendeu a limitar o seu estudo e construíu conceptos e teorías centrados nos límites do mercado. Aínda que o termo economía provén etimoloxicamente da palabra grega *oikonomía*, ‘xestión do fogar’, a disciplina económica obviou e desprezou a produción, os traballos e as relacións que se dan no fogar (Carrasco, 2006b). Todo o que non se intercambia no mercado queda fóra do interese e o estudo da economía tradicional. O traballo doméstico e de coidados, principalmente realizado polas mulleres, queda relegado a un ámbito invisible. Non é considerado un traballo, como tampouco a produción doméstica se considera produción nin parte da riqueza. Por outra parte, conceptos como os de explotación ou plusvalía non teñen en conta o traballo realizado nos fogares. Así, a economía tradicional invisibilizou a dependencia que ten a esfera mercantil da esfera doméstica.

Este esquecemento da esfera doméstica e do traballo de coidados por parte da economía convencional ten consecuencias fundamentais nos conceptos, as teorías, os estudos e os modelos económicos. Considerar o traballo de coidados e corrixir o nesgo androcéntrico da disciplina económica supón construír novos modelos e poñer en cuestión conceptos como os de explotación, traballo, produción ou riqueza. Así mesmo, implica cuestionar os indicadores utilizados para medir estes conceptos.

Por exemplo, a Enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estatística céntrase unicamente no traballo mercantil, de xeito que

nela se considera que as persoas que se dedican a tempo completo ao traballo doméstico forman parte da poboación inactiva. Por outra parte, o produto interior bruto (PIB), que é un indicador fundamental da política económica tampouco incorpora a produción doméstica. Desde a economía feminista propónse centrar a análise no traballo de coidados, crear novos modelos económicos e construír indicadores que non o menosprecen, como a Enquisa de poboación activa non androcéntrica (Carrasco *et al.*, 2004).

Así mesmo, hai que ter en conta as desigualdades económicas entre mulleres e homes, derivadas en boa medida de que ás mulleres se lles asigna un traballo socialmente menosprezado, que non ten valor nin recoñecemento, nin dá acceso a dereitos. As desigualdades económicas maniféstanse tanto no fogar, mediante a desigual repartición do traballo de coidados, como na esfera pública. Como explicaremos máis adiante, estas desigualdades están relacionadas. É dicir, as desigualdades no mercado laboral (diferenzas na participación laboral de mulleres e homes, segregación horizontal e vertical) ou as desigualdades de renda (fenda salarial e consecuencias nas pensións de xubilación) non se poden desligar das relacións e divisións do traballo que se producen nos fogares.

Por outra banda, tamén se producen outras desigualdades económicas como as relativas ás políticas fiscais. No seguinte apartado veremos como as desigualdades de renda provocan que os impostos regresivos acaban por penalizar máis as mulleres. Por último, as desigualdades entre mulleres e homes tamén se manifestan na súa diferente presenza ou ausencia nos espazos de decisión económica. Cómpre, por tanto, explicar e facer comprender estas desigualdades cando impartimos docencia en economía, co fin de visibilizar e corrixir a cegueira de xénero nesta disciplina.

No tocante á **ciencia política**, a cegueira de xénero maniféstase tanto na teoría política como na ciencia política empírica, o que inflúe no exercicio político. A teoría política fai referencia aos valores morais que deben orientar a organización das comunidades políticas. Así mesmo, ten un carácter aplicado, xa que inflúe na realidade social e nas decisións políticas que se

acaban tomando. Na ciencia política empírica expónse como é a realidade política, ao describir e explicar os feitos políticos (Lois e Alonso, 2014).

Na teoría política o nesgo androcéntrico marca a definición dos valores orientativos que deben guiar unha sociedade, á vez que tamén incide nos propios conceptos constitutivos destes valores. Así, por exemplo, conceptos básicos como os de xustiza, igualdade ou cidadanía poden conter nesgos que desprezen as experiencias e os espazos en que predominan as mulleres. É necesario, neste sentido, considerar as críticas feministas realizadas ás diferentes correntes da teoría política para incorporar unha perspectiva de xénero. Desde o liberalismo, pasando polo comunitarismo, a democracia participativa ou o multiculturalismo, xurdiron voces críticas co feito de que as diversas correntes obviasen nos seus postulados o traballo das mulleres ou as desigualdades de xénero. Ademais, tamén engadiron elementos para enriquecer conceptos como os de poder ou suxeito político, e incorporaron as relacións de xénero como un aspecto chave que cómpre ter en conta para entender a política.

En relación coa ciencia política empírica, é necesario considerar as causas e consecuencias das desigualdades de xénero, de tal maneira que a análise das políticas públicas, da representación política ou do comportamento político teña en conta as diferenzas e desigualdades entre mulleres e homes. Por último, é fundamental avanzar na elaboración de políticas de igualdade así como de políticas públicas con perspectiva de xénero que contribúan a unha maior igualdade entre mulleres e homes.



## •• 03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

En relación coa **socioloxía**, un ámbito de vital importancia para ter en conta é o androcentrismo no coñecemento sociolóxico. De acordo con Ana de Miguel (1999), a socioloxía, do mesmo xeito que ocorre noutras disciplinas, a miúdo esquece as obras que foron escritas por mulleres –e tamén por homes– en defensa da igualdade entre as persoas de ambos os sexos, o que ocasionou que nin os seus nomes nin as súas obras transcendesen, por moi valiosa que fose a súa achega para o pensamento sociolóxico. Tamén foron recorrentemente esquecidas as obras dedicadas á análise do xénero de autores recoñecidos como, por exemplo, Friedrich Engels (*A orixe da familia, da propiedade privada e do estado*); Émile Durkheim (*Introdución á socioloxía da familia*) e Max Weber (*Economía e sociedade*). Entre as autoras invisibilizadas atopamos as chamadas «nais da socioloxía», como Harriet Martineau, a quen se considera a primeira muller socióloga (*Ilustracións de economía política*); Beatriz Potter Webb, que tamén foi economista (*O movemento cooperativo en Gran Bretaña*) e Marianne Weber (*Autoridade e autonomía no matrimonio*).

Por outra parte, o androcentrismo na socioloxía maniféstase na falta de consideración do xénero nas análises, as teorías e os conceptos. Porén, o xénero é un dos principios organizadores do mundo social: organiza as identidades e o propio autoconcepto, estrutura as interaccións e é unha das bases sobre as cales o poder e os recursos son asignados. Ademais, o xénero é unha forza omnipresente, xa que a súa existencia se estende polo espazo e o tempo. Concretamente, podemos afirmar que o xénero se materializa en tres niveis diferentes:

- a) Primeiro, o xénero configura as identidades e o comportamento dos individuos.
- b) Segundo, o xénero configura as formas en que se dá a interacción social, mentres que as identidades, por suposto, son produto da

interacción coas demais persoas. Xa que logo, a interacción social é un escenario importante en que o xénero emerxe e se reproduce.

- c) Terceiro, o xénero tamén organiza as institucións sociais. Por institución social referímonos ás regras que rexen algúns dos ámbitos da vida social (Jepperson, 1991).

As institucións sociais inclúen grandes sectores públicos da sociedade, como a educación, a relixión, o deporte, o sistema xurídico e o traballo, e teñen que ver cos aspectos máis persoais e coas áreas de vida menos organizadas formalmente, como o matrimonio, a maternidade, a paternidade e a familia.

O xénero, pois, dálles forma e sentido ás persoas, ás relacións sociais e ás institucións. Non podemos entender de forma plena o mundo social sen considerar o xénero. Asemade, tampouco podemos entender o xénero sen entender o mundo social. A medida que a vida social se desenvolve, o xénero é producido. A medida que se produce o xénero, a vida social desenvólvese (Wharton, 2012). Por este motivo, é imprescindible concienciar o alumnado sobre os estereotipos, os mandatos de xénero e as relacións de desigualdade e de poder relacionadas coa socioloxía.

Do mesmo xeito que tomamos o xénero como eixe fundamental no ensino da socioloxía, a interseccionalidade suxire e examina varias categorías biolóxicas, sociais e culturais como son o xénero, a clase, a diversidade funcional, a preferencia sexual, a etnia, a raza, a relixión, a casta, a idade, a nacionalidade e outros eixes de identidade que interaccionan en niveis múltiples, a miúdo simultáneos. Este concepto foi desenvolvido pola activista e académica Kimberlé Crenshaw (1991), e fai referencia a aspectos relacionados coa identidade e como interactúan e afectan á igualdade. Na socioloxía, a perspectiva de análise interseccional é moi importante, xa que propón pensar en cada característica da persoa como inextricabilmente unida a todo o resto de elementos para poder comprender de forma completa a súa identidade e a súa interacción social. Este marco fainos entender como se orixina a desigualdade social sistemática e a inxustiza desde unha base multidimensional.

Respecto á **economía**, xa desde as orixes da disciplina, que se poden situar no século XVIII, se cuestionaron os postulados dos grandes economistas de cada época e corrente. Como comentamos, integrar a perspectiva de xénero na docencia require poñer en valor as achegas das mulleres á disciplina. Un aspecto chave estudado pola economía feminista desde as precursoras até a actualidade é o relativo á repartición do traballo de coidados e a división sexual do traballo, o que, como xa apuntamos, xera desigualdades.

A pesar de que todas as persoas necesitamos coidados e estes deberían ser asumidos como unha responsabilidade social, son as mulleres principalmente, como colectivo, as que acaban asumíndoos. Os coidados resólvense nun ámbito invisible e de forma individual e non colectiva. A asignación desta responsabilidade ás mulleres déixaas desempeñando un traballo e ocupando un espazo infravalorado e sen dereitos, alén de limitar a súa participación no espazo público e no traballo remunerado. Aínda que se produciron cambios que fixeron que os homes dediquen cada vez máis tempo ao traballo de coidados e as mulleres interveñan máis no traballo mercantil, a realidade é que a división sexual do traballo segue a estar presente.

Doutra parte, no tocante á división sexual do traballo e a desigual repartición do traballo de coidados, cómpre considerar que as mulleres non son un todo homoxéneo. É necesario ter en conta outras variables da desigualdade social. Así, danse interseccionalidades entre o xénero, a clase social e a orixe que fan que sexan as mulleres das clases sociais máis baixas ou procedentes de países do sur global as que teñen unha maior carga de traballo de coidados. Isto débese, entre outras cousas, ao feito de que estes colectivos non poden contratar servizos de coidados no mercado pola súa falta de recursos económicos, que leva a que teñan que desenvolver estratexias de supervivencia e de aforro que requiren máis traballo doméstico e de coidados (buscar ofertas á hora de comprar, o que supón visitar varios establecementos, ou comer máis na casa, entre outras); ao seu menor acceso aos servizos públicos de coidados, por se atoparen nunha situación irregular; ou á falta dunha rede familiar. Ade-

mais, son tamén as mulleres de orixe inmigrante as que en gran parte asumen o traballo de coidados remunerado, xa que este é un sector moi precarizado.


Así mesmo, cando se lle explica ao alumnado a asignación do traballo de coidados ás mulleres, é importante mostrar que esta ten o seu fundamento en cuestións de xénero, e non de sexo. Aínda que economistas de diferentes escolas como a clásica ou a neoclásica defenderon a especialización das mulleres no traballo doméstico por entender que están mellor dotadas para este traballo (ou que son máis produtivas e eficientes que os homes neste sentido), cómpre non perder de vista a diferente socialización de mulleres e homes e a construción do xénero. As mulleres son educadas desde a infancia para aprender a ser nais e valorar os coidados. Malia que é certo que se produciron cambios notables neste sentido, aínda podemos ver exemplos claros desta práctica, como no caso dos xogueteos destinados ás nenas e aos nenos.

Unha das críticas realizadas polas economistas feministas é, como vimos, a relativa ao esquecemento e o desprezo do traballo de coidados dentro da análise económica. Tanto a escola clásica como a neoclásica ou a marxista deixan este traballo fóra das súas teorías, modelos e postulados, a equipararen traballo co emprego e a produción coa produción mercantil. Neste sentido, as economistas feministas defenden que o traballo de coidados é un traballo. Entre outras propostas, cabe salientarmos as dirixidas a medir e valorar economicamente este traballo, o que, con todo, non estivo exento de debates. Nesta liña, foron moi importantes as achegas de Margaret Reid, en particular na súa recoñecida obra *A economía da produción doméstica* (1934), en que propuxo unha metodoloxía para valorar monetariamente a produción doméstica.

A economía feminista puxo de relevo como non só se obviou o traballo de coidados na economía tradicional, senón que tamén se ocultou convenientemente a súa relación coa esfera mercantil. Para entender a

economía, nas súas diferentes materias e ámbitos, é imprescindible comprender a relación entre esferas. Tradicionalmente mostráronos o fluxo circular da renda (Gráfica 1) como se se tratase dun circuíto autosuficiente en que as empresas xeran ingresos que se dividen entre beneficios e salarios. Estes salarios van á esfera doméstica e suponse que son abondo para reproducir e manter a forza de traballo que entra nas empresas, onde se volven xerar ingresos.


**Gráfica 1. Fluxo circular da renda**



**Fonte: Antonella Picchio (2001)**

A economía feminista mostrou que todas as persoas necesitamos coidados, polo que, en realidade, o salario é insuficiente para nos manter. A seguinte gráfica do fluxo circular da renda ampliado ilustra como o traballo de coidados sostén a esfera mercantil da economía.

Gráfica 2. Fluxo circular da renda ampliado



Fonte: Antonella Picchio (2001)

A economía feminista amósanos que é necesario que os salarios vaian á esfera doméstica, onde se producen bens e servizos –como a alimentación, o mantemento do fogar ou o apoio emocional– que sosteñen a reprodución de toda a poboación, incluída a forza de traballo. Por tanto, a economía feminista visibiliza que a esfera mercantil descansa sobre o traballo de coidados realizado principalmente polas mulleres (Benería, 2003; Bosch, Carrasco e Grau, 2005; Carrasco, Borderías e Torns, 2011; Carrasco, 2001, 2003; Pérez Orozco, 2006; Picchio, 1999).

Daquela, a esfera mercantil e a produción capitalista deben a súa existencia ao traballo realizado desde os fogares. Neste sentido fálase do sistema capitalista patriarcal. O feito de que este traballo se realice principalmente de forma gratuíta fai posible que os salarios non inclúan o custo do coidado dos traballadores e as traballadoras. As empresas capitalistas son incapaces de remunerar o total da reprodución da forza de traballo, mentres dispoñen de persoas coas capacidades necesarias para traballar adquiridas a través dos coidados efectuados nos fogares (Carrasco et al., 2014). Ademais, ao non se asumir como un asunto social e se resolver no ámbito do fogar, dáse unha desresponsabilización do estado e das empresas polo traballo de coidados.

Doutra parte, un aspecto tamén importante para ter en conta na docencia en economía, son as desigualdades entre mulleres e homes nos ámbitos laboral, de renda, fiscal ou de toma de decisións. É importante mostrar estas desigualdades ao alumnado, de tal maneira que se fuxa das perspectivas cegas ao xénero. Así mesmo, para que se comprenda a orixe destas desigualdades, cómpre non esquecer a relación entre a esfera mercantil e a esfera doméstica, de xa antes falamos, así como a división sexual do traballo. As desigualdades no ámbito laboral tratarémolas no apartado 4.

No tocante ás desigualdades fiscais, publicacións como o informe *La fiscalidad en España desde una perspectiva de género* (De la Fuente, 2016) ou as da autora Paloma de Villota (1999, 2011, 2017) reflicten que o sistema fiscal non é neutral respecto ao xénero. Así, por exemplo, os impostos indirectos gravan o consumo sen ter en conta a renda dispoñible, o que supón unha maior carga para as mulleres en relación cos homes, dado que teñen niveis de renda menores. Ademais, a exención ou a redución do imposto sobre o valor engadido (IVE) non se aplica aos bens máis consumidos polas mulleres, como poden ser aqueles relacionados cos coidados ou coa hixiene feminina. A falta de progresividade dos impostos directos tamén afecta especialmente ás mulleres, ao concentrarse nas rendas máis baixas. Estes estudos tamén mostraron como fiscalmente o modelo tradicional de

familia é o que sae máis a conta. Que o/a cónxuxe sexa economicamente dependente desgrava, o que reforza a división sexual do traballo.

Por último, no tocante coas desigualdades económicas entre mulleres e homes, tamén se debe considerar a menor presenza das mulleres nos espazos de toma de decisións. No apartado 4 ocupámonos de como as mulleres están infrarrepresentadas nos consellos de administración das grandes empresas. Ademais, tamén o están nos órganos de decisión das políticas económicas, como poden ser os ministerios, os bancos centrais ou organismos multilaterais como o Banco Mundial ou o Fondo Monetario Internacional.

No relativo á **ciencia política**, como sinalamos, hai que introducir a perspectiva de xénero e corrixir os nesgos androcéntricos que conteñen a teoría política, a ciencia política empírica, a intervención e a práctica política. En relación coa teoría política, desde os seus inicios e de forma paralela ao desenvolvemento das diferentes correntes, houbo mulleres que cuestionaron estes nesgos androcéntricos. Así, en primeiro lugar, en canto ao liberalismo, xa desde o seu xurdimento mulleres como Olympe de Gouges, Mary Wollstonecraft ou Harriet Taylor Mill reivindicaron os dereitos das mulleres.

A noción liberal de igualdade e os dereitos asociados a esta noción atribuíanse aos individuos racionais, cunha racionalidade considerada universal. Porén, a linguaxe liberal contiña unha mensaxe dobre: o da universalidade e o da diferencialidade biolóxica, a través da cal se excluía as mulleres. As feministas desta corrente utilizaron os principios liberais para criticar os preceptos que excluían ás mulleres, argumentando que mentres que os homes son avaliados como racionais, e por tanto como depositarios dos dereitos liberais, as mulleres non o son por unha serie de restricións impostas irracionalmente e que se basean en diferenzas que se atribúen á natureza. Equipararon os privilexios dos homes sobre as mulleres baseadas nestas supostas diferenzas cos privilexios da aristocracia no antigo réxime, que tamén eran xustificados por cuestións naturais dunha forma irracional. Mary Wollstonecraft, por exemplo, amosou que as diferenzas



entre mulleres e homes son consecuencia dunha construción normativa e coactiva para as mulleres, e non dunha cuestión natural.

Na docencia da ciencia política é fundamental valorar as achegas destas pioneiras que fixeron contribucións absolutamente relevantes para entender o xénero como unha construción social, e que subliñan o androcentrismo da pretendida universalidade das teorías. As diferenzas biolóxicas son aínda hoxe día invocadas para xustificar as desigualdades entre mulleres e homes, esencializadas, e perpetuais. Recuperar os textos e coñecementos das feministas liberais pode contribuír a reverter estas crenzas (Amorós e Cobo, 2005).

Seguindo co liberalismo, pero na tradición máis recente de John Rawls (1979), as críticas realizadas desde os feminismos viñeron da man de autoras como Susan Moller Okin, que na súa obra *Justice, Gender and the Family* (1989) (citada por Lois e Alonso, 2014) pon de relevo como o principio de xustiza de Rawls deixa nun segundo plano a vida privada e a familia, o que non permite abordar as cuestións relacionadas co xénero e os problemas das mulleres relacionados coa xustiza. Esta autora defende que a xustiza debe incluír aspectos como o traballo de coidados ou as relacións de poder que se producen nos fogares. A igualdade formal non é suficiente para lograr a xustiza para as mulleres, dado que esta se atopa totalmente marcada pola división sexual do traballo e polas relacións que se producen na esfera privada.

En segundo lugar, os feminismos fixeron achegas relacionadas con compartir e aplicar as críticas comunitaristas ao liberalismo. Neste sentido, a loita contra as desigualdades de xénero debe formar parte dos valores que organizan as comunidades. Saíndo das teses individualistas do liberalismo, deféndese que o contexto, a comunidade e os vínculos que se establecen nela marcan a definición e a identidade do suxeito. Esta visión da identidade achega elementos para cuestionar a naturalización das desigualdades de xénero.

Por outra parte, nesta mesma liña, Susan Hekman (1992) mostra que os discursos esencializadores dan unha visión nesgada da definición de

muller. A idea de muller está marcada por estereotipos que se circunscriben ás experiencias das mulleres brancas, de clase media, heterosexuais e anglosaxoas, de xeito que quedan fóra da definición aqueles grupos que non cumpren estes parámetros. As súas achegas poden ser útiles para aplicarlas a cuestións relacionadas coas interseccionalidades, de tal forma que na análise e a práctica política se teñan en conta as características e os contextos dos diferentes colectivos de mulleres.

En terceiro lugar, respecto á democracia participativa, este enfoque nace co obxectivo de afastarse da concepción de que a cidadanía queda incapacitada para pensar en termos de ben común (Lois e Alonso, 2014). Carole Pateman (1970) é unha destacada autora feminista no ámbito da democracia participativa. A autora critica a democracia representativa liberal e defende un ideal de democracia que debe estar baseado na participación da cidadanía, que asume un compromiso político. A partir dos anos noventa avánzase cara ao concepto de democracia deliberativa que implica un proceso de comunicación cidadá. Sheyla Benhabid defende, desde unha perspectiva feminista, que nesta democracia deliberativa é necesario que se produza unha interconexión entre a esfera pública e a esfera privada, de forma que se poidan incluír as demandas e as aspiracións das mulleres.

En cuarto e último lugar, en referencia ao multiculturalismo, esta corrente xerou debates desde a teoría e o movemento feministas. Ante os principios asimilacionistas tradicionais, o multiculturalismo recoñece que os dereitos da cidadanía deben incluír necesariamente os dereitos diferenciados das minorías en función do grupo de pertenza. Teóricas feministas como Okin consideran que a defensa dos dereitos de grupo poden presentar problemas en relación á opresión das mulleres. Así, cuestiónase que recoñecer os dereitos especiais destes grupos pode levar ao recoñecemento de prácticas opresoras. Con todo, outras autoras feministas como Iris M. Young, Ayelet Shachar ou Anne Phillips defenden que hai que incorporar necesariamente o recoñecemento das diferenzas de grupo, así como o recoñecemento das mulleres nas diferentes comunidades.

Doutra banda, tamén se fixeron importantes achegas feministas a conceptos chave como os de poder e cidadanía. O poder é un tema central da ciencia política, abordado xa desde os clásicos, que o situaban sobre todo no estado –como Nicolás Maquiavelo ou Max Weber–, pasando por aproximacións que o definen máis ben como unha relación entre persoas ou grupos de persoas (Dahl, 1957), até os enfoques posmodernos, onde destacan autores/as como Michel Foucault ou Judith Butler, que vinculan o poder á construción do suxeito e á identidade. O poder, neste sentido, precede ao suxeito e desenvólvese máis aló do aparello do estado.

Butler (2011, 1990) soste que nos configuramos como individuos e reproducimos o poder normalizador a través dun proceso performativo de repetición de actos. As súas achegas sobre a performatividade e o poder foron clave para as teorías feministas posmodernas e tamén para a teoría *queer*. O xénero tamén segue un proceso performativo para a súa construción e reprodución. Outras autoras feministas como Carole Pateman ou as feministas materialistas tamén realizaron contribucións fundamentais en relación co concepto de poder canto á explicación do sistema patriarcal.

En referencia ao concepto de cidadanía, é importante considerar o debate relativo á distinción entre o público e o privado, xa que a construción dos dereitos da cidadanía se centrou sobre todo no ámbito público, o cal se traduciu na exclusión das mulleres, como sinalaron as feministas da primeira corrente que xa mencionamos. Esta exclusión das mulleres desde a fundación da cidadanía produciuse da man dun relato teórico que influíu na conceptualización do termo e que perdura até hoxe. Continúase asociando a cidadanía coa esfera pública. Desde a teoría feminista deféndese que non se trataría de que as mulleres emulasen o modelo masculino para poder acceder a esta cidadanía, a aumentar a súa participación na esfera pública, senón que se debe avanzar cara á definición dun suxeito que se desenvolve en ambas as esferas, e non só na pública (Okin, 1989).

Ademais, cómpre ter en conta que segundo a literatura clásica a cidadanía responde a unha idea de contrato social (Rousseau, Locke, Hobbes). Sostense que se produce un pacto orixinal entre suxeitos libres que deci-

den someterse a un réxime de normas e dereitos comúns. Carole Pate-man (1988) sinalou como este contrato social se sostén sobre un contrato sexual, que se manifestaría a través do matrimonio, baseado na separación e dicotomía das esferas pública e privada. O contrato social pode excluír as mulleres da cidadanía con base neste contrato sexual, segundo o cal as mulleres quedarían relegadas ao espazo doméstico. Este concepto de contrato sexual é chave para entender a configuración dos estados modernos, pero tamén dos réximes de benestar actuais.

Para alén da teoría política, a perspectiva de xénero na ciencia política tamén require analizar as institucións, o comportamento político ou as políticas públicas tendo en conta as desigualdades que poden existir entre mulleres e homes. Así, hai que ter presentes aspectos como as características da participación política de homes e de mulleres, ou os efectos desiguais que poden ter as políticas públicas. Ademais, hai que explicar os motivos polos que se dan estas desigualdades. A construción do xénero e a socialización diferenciada de mulleres e homes, a valoración do considerado masculino fronte ao feminino ou a división sexual do traballo son factores que se atopan na base destas desigualdades. No apartado 4 presentaremos algúns exemplos das desigualdades que operan no terreo político, en concreto na representación e o comportamento políticos.

Por último, na docencia en ciencia política é importante tamén adotar unha perspectiva de xénero na formulación de políticas públicas, e fornecer ao alumnado as ferramentas da transversalización de xénero (*gender mainstreaming*), como os plans de igualdade ou a avaliación do impacto de xénero. Resulta básico, desde este punto de vista, outorgar ao alumnado elementos que lle permitan non só analizar as políticas públicas, senón tamén elaboralas para avanzar cara a unha maior igualdade. No apartado 4 abordamos especificamente o tema das políticas de igualdade de xénero.

## •• 04. Boas prácticas

Unha vez introducidas as ideas principais en relación cos negos de xénero na socioloxía, na economía e na ciencia política, e logo de presentar as principais propostas para introducir a perspectiva de xénero nestes campos, neste apartado tratamos en detalle como podemos incorporar estas aprendizaxes na docencia. Para cada unha das disciplinas, recolleamos exemplos concretos de obxectivos e de contidos docentes; para o conxunto, amosamos os elementos que cómpre ter en conta na avaliación, as modalidades organizativas e o método docente.

### Obxectivos e contidos docentes en economía

Sobre os obxectivos para expor na docencia, en relación coa economía, poden servir como exemplo os obxectivos e as competencias recollidos no plan docente da materia Economía Feminista, do Máster Oficial en Estudos de Mulleres, Xénero e Cidadanía do Instituto Interuniversitario de Estudos de Mulleres e Xénero (IIEDG), impartida na súa versión en liña pola profesora Núria Vergés Bosch o curso 2017/18.

As **competencias** que se inclúen neste plan docente son as seguintes:

- a) Poder analizar a economía oficial desde unha perspectiva de xénero.
- b) Coñecer e poder traballar coas estatísticas económicas e de emprego tendo en conta os prexuizos androcéntricos.
- c) Poder desenvolver a análise de políticas públicas que inclúan as actividades e os traballos do fogar.

Os **obxectivos relativos ao coñecemento** son estes:

- a) Adquirir un enfoque da economía que permita entender os límites estreitos en que funciona a economía oficial.
- b) Ampliar a visión económica integrando as actividades realizadas desde os fogares como parte da economía.
- c) Desenvolver as capacidades necesarias para poder analizar políticas económicas e de emprego cunha perspectiva de xénero.

Os **obxectivos referentes a habilidades e destrezas** son estes:

Desenvolver capacidades para:

- a) a lectura crítica dos textos e informacións habituais de economía;
- b) traballar dentro dun marco de análise non androcéntrico en economía;
- c) analizar os negros androcéntricos das estatísticas económicas e de emprego;
- d) comparar a situación de mulleres e homes canto aos seus traballos coa información estatística máis adecuada.

Os **obxectivos no tocante a valores e normas** son os seguintes:

- a) Adquirir conciencia do papel ideolóxico da economía e a lexitimación de situacións de desigualdade a través dun pretendido coñecemento científico.
- b) Adquirir conciencia da desigualdade económica entre mulleres e homes e entre as mulleres mesmas.

Para materias de economía que non estean centradas en aspectos relacionados co xénero, poderíanse ter en conta os obxectivos e as competencias para incorporar unha perspectiva de xénero.

Velaquí as **competencias** para incluír nos plans docentes:

- a) Poder identificar as desigualdades de xénero que se producen nesta materia.
- b) Poder comprender estas desigualdades relacionándoas con cuestións de xénero, especialmente coas vinculadas coa división sexual do traballo.
- c) Coñecer e poder traballar con estatísticas económicas non androcéntricas.
- d) Poder desenvolver análise de políticas económicas desde unha perspectiva de xénero.

**Obxectivos:**

- a) Ampliar a visión económica integrando as actividades realizadas desde o fogar como parte da economía.

- b) Adquirir coñecementos que permitan analizar os indicadores económicos desde unha perspectiva de xénero.
- c) Desenvolver as capacidades necesarias para poder comprender as desigualdades económicas entre mulleres e homes desde unha perspectiva de xénero.
- d) Adquirir coñecementos sobre os vínculos que se poden establecer entre o xénero e outras variables sociais, como a clase ou a orixe, para entender as desigualdades económicas.

Canto aos contidos das materias en economía, presentamos a seguir tres exemplos de temáticas tratadas desde unha perspectiva de xénero que poden aparecer en diversas materias. Para cada un destes exemplos, explicamos brevemente o contido principal que podería ter esta temática.

### **Exemplo 1: mercado laboral e xénero**

O estudo do mercado laboral é unha temática que aparece en diferentes materias de economía, alén de ser unha cuestión capital da actualidade económica. Introducir unha perspectiva de xénero na análise do mercado laboral supón mostrar as desigualdades entre mulleres e homes que se dan neste sentido, mais cómpre ter en conta que non se poden entender estas desigualdades sen considerar a relación entre o traballo mercantil e o traballo doméstico.

A crecente participación das mulleres no mercado laboral desde os anos setenta do século XX sacou á luz os conflitos inherentes á desigual repartición do traballo de coidados. Asumir un traballo remunerado á vez que seguir a ser as principais responsables do traballo de coidados supón ter que moverse nun ir e vir continuo entre os diferentes espazos. É así como se fala da dobre presenza-ausencia das mulleres (Izquierdo, 1998), que ten que ver co estar e o non estar no mercado laboral e no fogar.

Así as cousas, para incorporar unha perspectiva de xénero no estudo do mercado laboral é básico considerar a repartición desigual do traballo de coidados. Nunha materia en que se trata o mercado laboral é necesario falar de división sexual do traballo e da división de esferas. Neste sentido,

en primeiro lugar, débese iniciar a temática cunha visión teórica e histórica que mostre estas divisións. Poden ser útiles as achegas que se recollen no apartado 8, sobre o pensamento económico. A continuación, e en segundo lugar, pódense amosar algúns datos que evidencian como aínda, lonxe do que moitas persoas –incluído o alumnado– pensen, a división sexual do traballo segue existindo.

Con esta finalidade, pódense utilizar os datos procedentes das enquisas de usos do tempo, que evidencian como as mulleres dedican máis tempo ao traballo de coidados que ao traballo mercantil, mentres que os homes destinan máis tempo ao traballo mercantil que ao de coidados. Tamén é útil evidenciar as diferenzas relacionadas cos diferentes réximes de benestar no ámbito europeo. Por outra parte, destas enquisas é posible extraer datos que reflicten como son as mulleres con menores ingresos as que acaban tendo unha maior sobrecarga de traballo derivada do traballo de coidados.

En terceiro e último lugar, unha vez presentada a repartición desigual do traballo de coidados, a docencia sobre mercado laboral desde unha perspectiva de xénero podería seguir mostrando como se acaban manifestando estas desigualdades no mercado laboral. Unha destas desigualdades é a relacionada coa participación. As mulleres contan con menores taxas de actividade, maiores taxas de paro, maior parcialidade e máis interrupcións da súa vida laboral. Os datos da Enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estatística (INE) sinalan esta menor participación laboral das mulleres, que se debe principalmente a que son quen asume de xeito principal o traballo de coidados, mais tamén a discriminacións relacionadas con estereotipos que están vinculados á división sexual do traballo.

Outra das formas en que se manifestan as desigualdades laborais entre mulleres e homes é a que ten a ver coa segregación ocupacional, tanto vertical como horizontal. A vertical é a que comunmente se coñece como «teito de cristal», termo que fai referencia a unha especie de parede invisible a partir da cal as mulleres non poden ascender. Entre os factores



que máis inflúen nesta segregación atópanse as responsabilidades familiares desigualmente asumidas, así como aspectos relacionados con estereotipos e coa cultura organizacional. Respecto á segregación horizontal, as mulleres están concentradas en sectores considerados tradicionalmente femininos, como a limpeza, os coidados, a educación ou a sanidade. Ademais, a súa precariedade laboral é maior que a dos homes, pois o seu traballo resulta máis inseguro e inestable.

Por último, o aspecto sobre o que máis se incidiu desde os medios no tocante ás desigualdades de xénero no mercado laboral é a fenda salarial, que segundo a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) é a diferenza que existe entre os salarios dos homes e os das mulleres expresada como porcentaxe do salario masculino. Para medila tómake como base o salario medio de homes e de mulleres por hora. Os factores que a explican atópanse na segregación vertical e horizontal, na parcialidade, nos complementos salariais e nas horas extras e as discriminacións salariais, polas cales as mulleres cobrarían menos que os homes por realizar o mesmo traballo.

De novo, estes factores teñen moito que ver coas desigualdades na repartición do traballo de coidados e cos estereotipos relacionados con esta repartición. De por parte, as desigualdades entre mulleres e homes no ámbito laboral marcan outras desigualdades, como as de renda ou as relativas ao acceso aos dereitos e as prestacións públicas asociados ao traballo remunerado. O deseño dos dereitos sociais configúrase arredor da participación no mercado laboral, polo que unha menor ou peor participación ten consecuencias, por exemplo, na percepción das pensións de xubilación.

### **Exemplo 2: contabilidade e valoración do traballo de coidados**

Como comentamos no apartado 3, unha das críticas feministas á disciplina económica ten que ver con mostrar o seu nesgo androcéntrico por canto non ten en conta o traballo doméstico e de coidados. As economistas feministas defenden que o traballo de coidados é efectivamente un tra-

ballo. Neste sentido, algunhas economistas feministas fixeron fincapé na necesidade de valorar monetariamente o traballo de coidados, como unha forma de recoñecer o seu valor económico e de avanzar cara a conceptos e indicadores de produción e de renda nacional que o incorporan. Trataríase ademais de que as políticas económicas que toman como base estes indicadores teñan en conta o traballo de coidados.

As contas nacionais ofrecen unha representación cuantificada da economía dun país ou dunha rexión nun tempo determinado. O PIB é un dos agregados máis usados para representar a actividade económica e tómase como medida de crecemento e de benestar. No entanto, este indicador límtase aos bens e servizos intercambiados no mercado. Nun gran número de materias de economía aparece a temática das contas nacionais e do PIB, polo que é importante sinalar o nesgo androcéntrico da construción deste indicador.

Para recoñecer a contribución económica do traballo doméstico e de coidados, habería que incluír na contabilidade nacional o valor monetario da produción doméstica, polo que as economistas feministas propoñen complementar o sistema de contas nacionais cunha conta satélite que a cuantifique. Consistiría en realizar unha estimación do valor económico dos bens e servizos producidos nos fogares de forma non remunerada. Así, segundo a conta satélite da produción doméstica de Cataluña do ano 2001, o valor do traballo doméstico –valorado en condicións equivalentes ás de mercado– supoñía un 40% do PIB. A pesar da súa utilidade, estas contas presentan limitacións e están suxeitas a debates metodolóxicos e teóricos que seguen abertos:

- a) A delimitación entre as que se consideran actividades económicas e non económicas: o criterio empregado é o de terceira persoa, proposto por Margaret Reid (1934), que establece que a produción doméstica inclúe unicamente as actividades non remuneradas efectuadas por e para membros do fogar que poidan ser substituídas por produtos ou servizos mercantís. Así, para que unha actividade sexa produtiva, debe poder ser delegada noutra persoa.

Carrasco e Serrano (2005) cuestionan este criterio debido a que deixa fóra actividades que si forman parte do traballo doméstico, pero que non teñen un substituto no mercado, como aquelas relacionadas cos coidados emocionais, que son fundamentais para a atención das persoas.

- b) A medida do traballo doméstico. Aínda que as enquisas de usos do tempo son útiles para analizar a división sexual do traballo e a desigual repartición do traballo de coidados, este último resulta infravalorado con esta ferramenta, dun lado, pola simultaneidade de tarefas que lle é inherente e que non queda ben recollida a través das enquisas; e, do outro, porque hai actividades de coidados que son dificilmente traducibles en unidades de tempo.
- c) Os métodos para calcular o valor do traballo doméstico. Estes poden, basicamente, responder a dúas perspectivas. En primeiro lugar, a perspectiva do traballo ou dos *inputs*, segundo a cal se lle outorga un valor ao traballo medido en termos de tempo, con base no valor que ten no mercado o *input* de traballo. Para calcular o valor de mercado pódese ter en conta o salario no mercado das actividades realizadas no fogar ou ben o custo de oportunidades, é dicir, o valor do salario que obtería quen realiza o traballo doméstico se ese tempo se dedicase ao traballo mercantil. A perspectiva do *output* ten que ver coa valoración do prezo de mercado da produción obtida no fogar. Estes métodos non só presentan problemas metodolóxicos, senón que ademais poden comportar, de novo, un infrarrecñecemento do traballo de coidados (Carrasco e Serrano, 2005).
- d) A conveniencia de medir monetariamente a produción doméstica. A monetarización da produción doméstica supón valorar esta produción de acordo con parámetros mercantís. Segundo autoras como Vandelac (1994), unha perspectiva feminista non debería tomar como referencia a esfera mercantil para outorgar un valor á produción doméstica, pois desta maneira refórzase a concepción

de que o que ten valor económico é o mercantil, e con iso as concepcións androcéntricas da economía.

### **Exemplo 3: crise e políticas económicas**

A crise económica que se iniciou en 2007 ocupou un lugar moi relevante nos debates económicos e estivo presente en diferentes materias de economía. Adoptar unha perspectiva de xénero na súa análise e comprensión é básico para corrixir o nesgo androcéntrico da economía tradicional. Varias autoras sinalaron as consecuencias das medidas de austeridade tomadas en resposta á crise, en particular o incremento do traballo levado a cabo nos fogares principalmente por mulleres, ao ter que substituír os servizos que antes ofrecía o estado (Ezquerro, 2012 ; Gálvez, 2013; Pérez-Orozco, 2010; Casanueva e Martínez, 2010).

No caso de España, pódense atopar algúns exemplos, como a suspensión da contribución estatal para o Plan Educa 3 de garderías públicas; a diminución das prestacións da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou os recortes en sanidade.

Aos recortes engadíuselles que uns menores ingresos no fogar comportaron que cumprise substituír bens e servizos antes adquiridos no mercado, o que acabou provocando un aumento e unha intensificación do traballo de coidados. Por exemplo: comer menos fóra da casa, que nenas e nenos coman na casa e non no comedor escolar, deixar de levar os nenos ás garderías, coidar as avoas e os avós na casa etc.

Daquela, as medidas económicas aplicadas neste contexto de crise tiveron efectos desiguais para mulleres e homes con base na desigual repartición do traballo de coidados. Con todo, hai que ter en conta que os responsables de decidir estas medidas xa contaban con que nos fogares, e sobre todo as mulleres, se asumirían os coidados que deixaban de ser provistos polo estado. Fíxose uso da asunción feminizada e privatizada dos coidados, así como da súa gratuidade e desprezo.

A sobrecarga de traballo resultante para as mulleres non se pode entender como unha simple consecuencia dos recortes, pois foi tamén parte intrínseca das medidas que se tomaron. A mesma perspectiva pódese empregar para analizar outras crises e medidas de axuste, como é o caso das crises da débeda externa en América Latina na década dos oitenta e a posterior aplicación dos programas de axuste estrutural (PAE).

Por outra parte, as políticas fiscais restritivas ditaminadas no marco da Unión Europea para responder ao Pacto de estabilidade e crecemento nun contexto de crise económica como o que vivimos, supoñen ter que realizar recortes como os que mostramos, que se sosteñen no traballo gratuíto realizado nos fogares. Por tanto, á hora de impartir docencia sobre aspectos como a política fiscal, cómpre considerar, de novo, a relación entre a esfera mercantil e a esfera doméstica.

Por último, cando falamos de crise tamén é importante non esquecer outras crises amais da financeira. Ao respecto, a economía ecolóxica sinalou e analizou a crise ecolóxica, e desde a economía feminista déuselle visibilidade á chamada crise dos coidados. Nas sociedades occidentais deuse unha serie de transformacións que fixeron emerxer as tensións derivadas da desigual repartición do traballo de coidados, ao deixar de funcionar a forma tradicional en que estas tensións se resolvían.

Entre estes fenómenos cabe salientarmos como a incorporación das mulleres de clase media ao mercado laboral non se traduciu en cambios na repartición das responsabilidades dos coidados cos homes, os estados e as empresas. Así mesmo, producíronse cambios demográficos, especialmente o avellentamento da poboación, que incrementaron a necesidade de coidados (Pérez-Orozco, 2010). Unha das estratexias que usaron as familias de clases media e alta para dar resposta a esta crise foi contratar traballadoras do fogar, un sector precarizado e en gran parte ocupado por mulleres inmigradas procedentes de países do sur. É básico, neste sentido, adoptar unha perspectiva interseccional que permita poñer de relevo o uso que se fai da gratuidade e precarización do traballo de coidados, que se serve de *múltiples desigualdades* de nivel global.

### **Obxectivos e contidos docentes en ciencia política**

En relación coa ciencia política, tomouse como exemplo a materia The Politics of Gender Equality do grao de Ciencias Políticas e da Administración da UPF, impartida pola profesora Tània Verge no curso 2017/18.

Esta materia examina criticamente o funcionamento do xénero na política. O seu obxectivo é identificar a política das políticas públicas e, máis concretamente, sinalar cal é a política de xénero destas. A materia aplica o concepto de xénero como unha categoría social analítica para discutir como e por que a política e as políticas a miúdo teñen un impacto diferente sobre mulleres, homes e outros grupos sociais, amais de debater sobre como a acción pública pode contribuír a promover a igualdade de xénero. Aborda as seguintes preguntas: como pode a acción pública reforzar ou combater a desigualdade de xénero?; cal é a intersección das desigualdades de xénero con outros eixes de desigualdade como a clase social, a orientación sexual ou a orixe étnica?; que implicacións ten a exclusión das mulleres na formulación de políticas?; cando e por que os gobernos promoven a igualdade?

As **competencias específicas** son as seguintes:

- a) Saber analizar criticamente a desigualdade de xénero e a súa intersección con outros eixes de desigualdade.
- b) Poder integrar o xénero nas políticas públicas.
- c) Coñecer a estrutura e o funcionamento das institucións políticas.
- d) Coñecer as bases das políticas de igualdade, as súas institucións e os seus actores.

Para materias de ciencia política que non estean centradas en aspectos relacionados co xénero, poderíanse ter en conta os obxectivos e as competencias para incorporar unha perspectiva de xénero.

**Competencias** para incluír nos plans docentes:

- a) Saber identificar os impactos desiguais que teñen as políticas en diferentes ámbitos.
- b) Poder comprender estas desigualdades relacionándoas con cuestións de xénero e con outros eixes de desigualdade.

- c) Saber integrar o xénero nas políticas públicas e na política.
- d) Coñecer e poder traballar con estatísticas sobre ciencia política non androcéntricas.

**Obxectivos:**

- a) Adquirir coñecementos que permitan analizar as políticas desde unha perspectiva de xénero.
- b) Desenvolver as capacidades necesarias para poder comprender as desigualdades entre mulleres e homes no ámbito da ciencia política desde unha perspectiva de xénero.
- c) Adquirir coñecementos sobre os vínculos que se poden establecer entre o xénero e outras variables sociais, como a clase ou a orixe, para entender as desigualdades no ámbito da ciencia política.
- d) Adquirir coñecementos sobre como incorporar a perspectiva de xénero nas políticas.

Canto aos contidos das materias de ciencia política, a seguir poñemos tres exemplos de temáticas que poden aparecer en diversas materias da disciplina tratadas desde unha perspectiva de xénero.

**Exemplo 1: a representación política**

En varias materias de ciencia política trátase a representación política. As investigacións feministas fixeron contribucións moi importantes en relación coa representación e coa participación política. Dunha parte, puxeron de manifesto a infrarrepresentación das mulleres na práctica totalidade das institucións parlamentarias. Da outra, tamén sinalaron a necesidade de reverter esta situación e avanzar cara a unha maior participación das mulleres, especialmente no ámbito parlamentario. Ademais, achegaron explicacións sobre as desigualdades entre mulleres e homes na representación política. Deseguido mostramos algúns elementos e exemplos relativos a estes aspectos, que consideramos fundamentais para ser integrados na docencia en ciencia política.

No tocante á infrarrepresentación das mulleres nas institucións parlamentarias, de acordo cos últimos datos (outubro de 2017) da organización Inter-Parliamentary Union, son excepcionais os países onde a porcentaxe de mulleres nos parlamentos chega ao 50%. No caso español, esta porcentaxe sitúase no 39%. En Europa, só en Finlandia, Suecia e Noruega as porcentaxes superan o 40%. Se miramos da outra beira do Atlántico, nos Estados Unidos a participación das mulleres no parlamento é do 19,3%, e só en Bolivia, Cuba, Nicaragua e México se supera o 40%. Ademais, hai un bo número de países en que a participación das mulleres nos parlamentos non chega ao 10%, entre os que se atopa o Xapón, cun 9,3%.

A adopción de medidas como os sistemas de cotas contribuíron a que se avanzase cara a unha maior paridade, malia que esta aínda quede lonxe de alcanzarse en gran parte dos parlamentos. Esta medida consiste en establecer un número mínimo de mulleres nas listas electorais dos partidos políticos ou das cámaras lexislativas. As xustificacións que levaron a adoptar os sistemas de cotas son: que a maior incorporación de mulleres nos parlamentos favorece romper cos estereotipos existentes e ter conciencia de que as mulleres son igualmente adecuadas para asumir tarefas representativas; que unha participación equilibrada de mulleres e homes na representación parlamentaria é unha mostra de xustiza; que se favorece que as mulleres traballen a prol dos seus propios intereses e da igualdade; e que se poden xerar novas formas de facer política (Phillips, 1995).

A evidencia empírica mostrou que, efectivamente, cando a participación das mulleres nos parlamentos chega polo menos ao 30%, teñen cambios substantivos nas institucións, por exemplo no estilo de facer política ou na axenda política, ao se introduciren temas máis relacionados cos intereses das mulleres como os coidados, a saúde, o aborto ou a igualdade (Dalherup, 2006).

Doutra parte, tamén se fixeron estudos que evidencian como inflúen os sistemas electorais na representación parlamentaria das mulleres. Así, as fórmulas proporcionais conseguen unha maior participación das mulleres no caso dos sistemas maioritarios. Así mesmo, mostran que as listas



pechadas tamén van acompañadas dunha maior participación das mulleres, fronte ás listas abertas. Nestas listas pechadas é importante considerar tanto o número de mulleres que as forman, con base nos sistemas de cotas, como o lugar que estas ocupan (Norris, 2006; Krook, 2009; Verge, 2008; Diz e Lois, 2012).

### **Exemplo 2: o comportamento político**

Para introducir unha perspectiva de xénero na docencia en ciencia política, é fundamental entender as diferenzas e as desigualdades no comportamento político de mulleres e homes, así como os factores que as explican. As principais causas que se ofrecen para explicar estas diferenzas teñen que ver cos factores de oferta e de demanda (Norris, 2006).

En primeiro lugar, os factores de oferta son aqueles elementos relacionados coas actitudes e as motivacións que marcan a predisposición dos individuos para participar en política, así como os recursos que facilitan poder adquirir as habilidades e a información necesarias para facelo. Canto ás actitudes e os valores, é fundamental ter en conta o concepto de socialización política, que marca o comportamento político e se atopa relacionada coa intervención de axentes como a familia, a escola, a igrexa, os grupos de amigos ou os medios de comunicación. Os devanditos axentes transmiten actitudes e valores aos individuos, os cales acaban asimilando roles sociais, entre os que cabe destacar os roles de xénero. Cómpre situar, xa que logo, as diferenzas no comportamento político de mulleres e homes en aspectos relacionados coa construción do xénero, de maneira que o alumnado en ciencia política non caia nos discursos esencializadores destas diferenzas.

A socialización das mulleres fainas asumir roles políticos máis pasivos que no caso dos homes, e xera diferenzas nas crenzas e nas actitudes políticas dunhas e doutros (Verge, 2014). As mulleres, como resultado, adoptan un menor interese pola política, son menos eficaces neste eido e autopercíbense como menos cualificadas para asumir cargos de representación política (Burns, Schlozman e Verba, 2001; Fox e Lawless, 2011). Así mesmo,

o feito de que os persoeiros políticos sexan maioritariamente homes, fai que haxa unha falta de modelos de referencia femininos, o que alimenta esta autopercepción das mulleres como menos aptas para a política. Estudos recentes sinalaron que un aumento da presenza das mulleres nas institucións contribúe a romper a tradicional asociación entre masculinidade e esfera política (Verge e Tormos, 2012).

Outro factor de oferta é o relativo ás responsabilidades dos coidados desigualmente asumidas polas mulleres, que limitan a súa participación política. As mulleres dispoñen de menos tempo, de forma que isto inflúe no seu interese pola política. Tamén hai que relacionar a participación co déficit de recursos. Así, as mulleres, as persoas maiores, a mocidade e, en xeral, as persoas con menos recursos económicos ou un menor nivel de estudos presentan un déficit de recursos para a participación política, sexa polo feito de dispoñer de menos habilidades ou de menos tempo. Non se trata, de novo, de características intrínsecas destes grupos nin dunha falta de vontade de participar, senón da desigual distribución dos recursos. Cómpre daquela adoptar enfoques interseccionais que consideren os diferentes eixes de desigualdade na participación política. Entre as mulleres, serán aquelas cun menor nivel de estudos ou con menores recursos económicos as que presentarán un maior déficit para esta participación.

En segundo lugar, entre os factores de demanda cabe mencionarmos o papel das organizacións e das redes informais para motivar a participación dos individuos na vida pública, así como o conxunto de prácticas inherentes ás organizacións políticas que as fan máis ou menos atractivas á hora de participar nelas. Ás mulleres mótvanse menos para participar en política que os homes, mais, alén disto, as prácticas organizativas a miúdo contribúen á súa exclusión. Aspectos como os horarios das reunións, a maior valoración das actitudes asociadas ao masculino ou as redes informais de confianza masculinas, acaban por discriminar as mulleres.

Por último, debe sinalarse que, á hora de analizar a participación política ou o capital social, é importante non caer en nesgos androcéntricos que infravaloran os espazos e as experiencias en que predominan as mulleres. A maior parte dos estudos sobre capital social céntrase nas activida-

des tipicamente asignadas aos homes, como a participación en organizacións de tipo económico ou deportivo. Menosprezáronse, neste sentido, as redes formais e informais relacionadas cos coidados ou coas cuestións de carácter comunitario onde predominan as mulleres. As diferenzas na implicación política de mulleres e homes son practicamente inexistentes no ámbito local, en que a mobilización adopta un carácter máis comunitario e de proximidade, amais de que as demandas están máis vinculadas a cuestións cotiás (Morales, 1999).

### Exemplo 3: políticas públicas

Na docencia en ciencia política é imprescindible que o alumnado adquira coñecementos que lle permitan ser capaz de identificar o nesgo androcéntrico das políticas públicas, de analízalas desde unha perspectiva de xénero e de elaborar políticas de igualdade de xénero. É necesario ter en conta algúns conceptos chave como os que se detallan a continuación (López, Peterson e Platero, 2014):

a) Enfoque ou perspectiva de xénero

Introducir un enfoque de xénero nas políticas públicas require considerar os diferentes espazos, traballos, experiencias, necesidades e demandas de mulleres e homes. Hai que ter en conta que estas diferenzas teñen a súa raíz na construción do xénero, e non en cuestións biolóxicas nin inmutables. O enfoque de xénero dá resposta ás políticas cegas ao xénero, que se presentan como neutrais pero que poden estar centradas no espazo público, cun nesgo androcéntrico, así como impactar de forma desigual en mulleres e homes. Estas políticas non recoñecen as desigualdades de xénero, reproducenas e exclúen as mulleres dos seus beneficios. Introducir unha perspectiva de xénero nas políticas públicas tradúcese na elaboración de políticas conscientes do xénero.

b) Políticas de igualdade de xénero

Teñen como finalidade avanzar cara a unha maior igualdade de xénero. Podemos atopar políticas específicas de xénero, que res-

ponden ás necesidades das mulleres e poñen á súa disposición recursos que poidan favorecelas. Tamén existen políticas redistributivas de xénero, que intentan cambiar as relacións de xénero existentes mediante a redistribución dos recursos, as responsabilidades e o poder entre mulleres e homes. Algúns exemplos de políticas de igualdade son aquelas dirixidas contra a violencia de xénero, para promover a conciliación familiar, para acabar coa discriminación no ámbito laboral ou para incidir na infrarrepresentación das mulleres no eido parlamentario.

c) Transversalización ou mainstreaming de xénero

Consiste en introducir a perspectiva de xénero en cada unha das intervencións dos poderes públicos, por parte de todos os actores involucrados e en todas as súas etapas, no deseño, a execución e a avaliación. No tocante á avaliación con perspectiva de xénero, hai que ter en conta os informes de impacto de xénero que toda lei en España debe incorporar, regulados pola Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. Con todo, cabe dicir que estes informes non son vinculantes. A estratexia dual consiste na combinación de políticas específicas de igualdade xunto coa implementación da transversalidade de xénero.

Unha estratexia básica das políticas de igualdade son as chamadas accións positivas. Trátase de medidas de carácter temporal cuxa finalidade é reparar a discriminación histórica das mulleres como colectivo. As políticas dirixidas á igualdade de oportunidades teñen a ver coa capacidade legal, social e política de mulleres e homes para xestionar e adquirir todo tipo de recursos en condicións de igualdade. Porén, a igualdade canto á capacidade pode non ser suficiente para conseguir unha igualdade substancial. Así, hai que distinguir entre igualdade de oportunidades e igualdade de resultados, isto é, que mulleres e homes gocen en condicións iguais dos bens e recursos valorados pola sociedade.

As discriminacións e desigualdades de xénero motivan que a igualdade de oportunidades non garanta a igualdade de resultados. Como resposta, as medidas de acción positiva están orientadas a romper cos obstáculos que impiden esta igualdade de resultados. Trátase de forma diferente a colectivos que son desiguais para que a igualdade sexa efectiva. Estas medidas xeran debate social, xa que en ocasións se entenden como discriminatorias para os homes, por exemplo. Á hora de explicalas na docencia, é fundamental afondar nas desigualdades entre mulleres e homes e destacar o seu carácter de corrección. Cómpre saír de debates pouco rigorosos e achegar elementos que leven a unha correcta comprensión deste tipo de medidas.

### Obxectivos e contidos docentes en socioloxía

En relación cos obxectivos docentes, o exemplo aquí amosado corresponde á materia de Socioloxía da Familia e o Ciclo Vital, do grao en Socioloxía da Universidade de Barcelona, que entre os seus obxectivos de aprendizaxe recolle os seguintes:

- a) Adquirir un coñecemento da realidade familiar e dos diversos enfoques existentes desde unha perspectiva de xénero.
- b) Saber comprender o lugar que ocupa a familia –que ocupan as familias– na sociedade, e o contexto en que se debe enmarcar para valorar a importancia do seu estudo e da súa investigación desde a socioloxía.
- c) Analizar as principais nocións teóricas e os debates da socioloxía da familia, así como a dimensión aplicada e empírica dos procesos familiares actuais e das políticas públicas desenvolvidas.

As **competencias** que incorpora son estas:

- a) Recoñecemento da diversidade.
- b) Compromiso ético. Capacidade crítica e autocrítica, así como de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas.

Para materias de socioloxía que non estean centradas en aspectos relacionados co xénero, poderíanse ter en conta os seguintes obxectivos e competencias para incorporar esta perspectiva.

**Competencias** para incluír nos plans docentes:

- a) Poder comprender as desigualdades relacionándoas con cuestións de xénero e con outros eixes de desigualdade.
- b) Saber como integrar o xénero na análise dos problemas sociais.
- c) Coñecer e poder traballar con estatísticas non androcéntricas.

**Obxectivos:**

- a) Adquirir coñecementos que permitan analizar as políticas desde unha perspectiva de xénero.
- b) Desenvolver as capacidades necesarias para poder comprender as desigualdades entre mulleres e homes no ámbito da socioloxía cunha perspectiva de xénero.
- c) Saber analizar as desigualdades de xénero, as súas causas e os indicadores para medilas.

Canto aos contidos docentes en socioloxía os exemplos expostos forman parte da materia impartida por Elisabet Almeda, docente e coordinadora da materia, e a Anna M<sup>a</sup> Morero, docente.

A familia, que constitúe a primeira organización social, foi obxecto de grande atención por parte das ciencias sociais e a política ao longo da historia, canto á súa estrutura, a súa organización e o seu funcionamento. Nas últimas décadas, o interese e o debate intensificáronse cos cuestionamentos feministas da desigualdade social, a subordinación das mulleres e a invisibilidade do traballo doméstico que realizan.

Por unha parte, a familia foi concibida como unha institución especializada en transmitir aos seus membros o sistema de valores vixente na sociedade, pero tamén como un grupo formado por unha parella e a súa descendencia que funciona como lugar de intercambio de bens e servizos, e de intercambios afectivos e sexuais, así como un espazo de exercicio do poder. A súa representación social inclúe relacións xerárquicas entre sexos

e xeracións, cunha clara división do traballo e dos ámbitos de actividade. Para as mulleres, isto traducíuse en subordinación, mentres que para os homes supuxo un esquema de relacións persoais baseadas na solidariedade familiar (Almeda, 2015).

Outro dos trazos fundamentais da familia radica na súa diversidade. De feito, na actualidade utilízase o termo familias para reflectir a gran variedade de formas familiares que existe nas diferentes sociedades, dado que na maioría dos países tiveron lugar cambios xeneralizados nas formas de convivencia familiar. A modernización económica, as mudanzas na organización social ou as migracións a grande escala debilitaron as formas tradicionais de familia e os sistemas de parentesco.

Por todos estes motivos, as familias constitúen un bo exemplo a partir do cal traballar a introdución da perspectiva de xénero na socioloxía. Os exemplos propostos irán en concreto dirixidos a traballar a diversidade familiar, no marco da cal se estudan formas familiares diferentes á heterosexual biparental. O primeiro exemplo tratará sobre as monoparentalidades. O segundo, sobre as familias creadas a partir das técnicas de reprodución humana asistida (TRHA). Por último, falaremos do caso da xestación subrogada, que servirá tamén para traballar de forma explícita a interseccionalidade.

### **Exemplo 1: estudo da monoparentalidade desde unha perspectiva de xénero**

A dimensión de xénero é a chave para entender o conxunto das familias monoparentais e analizar as discriminacións que sofren, especialmente aquelas que están encabezadas por mulleres; mais tamén os retos que, en relación con elas, supoñen o patriarcado, os réximes de benestar e a sociedade de consumo. Estes tres retos, estruturalmente independentes doutras variables como a clase social, o grupo étnico ou o sexo da persoa que encabeza a familia, diferéncianas doutros tipos de familia (Almeda e Di Nella, 2011):

- a) En primeiro lugar, os grupos monoparentais transgreden as normas familiares, xa que rompen co modelo patriarcal tradicional, en particular aqueles que están encabezados por mulleres. Desafían a familia nuclear burguesa, baseada na división sexual do traballo. As familias monoparentais supoñen tamén unha reorganización dos roles tradicionais e cuestionan o modelo dun único sustentador económico, principalmente, un home, e unha persoa coidadora, basicamente unha muller, xa que existe unha única persoa proxenitora que asume todas as funcións.
- b) En segundo lugar, as familias monoparentais desafían os réximes de benestar e as políticas públicas, pensados maioritariamente para as familias que responden ao modelo biparental heterosexual. En realidade, o que se pon de manifesto son situacións que xa existían na biparentalidade, pero que na monoparentalidade se fan aínda máis evidentes. As políticas de benestar créanse practicamente só coas persoas que participan no mercado laboral, de xeito que reproducen as relacións de subordinación da esfera familiar.
- c) En terceiro lugar, a monoparentalidade presenta un reto para a forma de produción capitalista. Á fronte dos fogares monoparentais hai sobre todo mulleres, e moitas delas atópanse en situación de risco de pobreza, polo que consomen menos. Non só iso, senón que, obrigadas pola súas baixas rendas, crean verdadeiras alternativas ao consumo tradicional, novas estratexias de gasto que son diferentes ás dominantes. Neste sentido, as familias monoparentais supoñen un reto a un sistema socioeconómico que, en realidade, non as recoñece nas súas particularidades, problemáticas e demandas, e que as obriga a redefinir a súa relación co consumo.

Esta análise da monoparentalidade é froito tamén da perspectiva interseccional, dado que pon en relación un fenómeno que é obxecto de estudo (os fogares liderados por unha muller con fillas e fillos ao seu cargo) con outros factores que estruturan a sociedade (como a clase social), mais tamén coa



estrutura da sociedade baseada no consumo capitalista e a atención que recibe por parte das políticas públicas.

### **Exemplo 2: técnicas de reprodución humana asistida desde unha perspectiva de xénero**

A importancia da maternidade, da paternidade e da descendencia biolóxica, así como o estigma social asociado á infertilidade nalgúns contextos sociais, xunto coa capacidade das sociedades de consumo de poder alcanzar case calquera cousa se se posúen os recursos económicos suficientes, son en gran parte responsables da escalada das tecnoloxías reprodutivas e da industria da fertilidade (Sama Resource Group for Women and Health, 2010). Porén, non toda a poboación ten acceso a estes métodos por igual. O concepto reprodución estratificada (Colen, 1995) serve precisamente para explicar a organización xerárquica da saúde reprodutiva, a fecundidade, as experiencias de nacemento e a crianza, de acordo coa cal se apoia e recompensa a maternidade dalgunhas mulleres, mentres se despreza ou se proscribe a doutras (Rapp, 2001).

A reprodución estratificada postula que certas categorías de persoas son estimuladas ou coaccionadas para reproducirse e ser nais e pais, mentres que outras non. Esta teoría suxire que o control das capacidades reprodutivas de cada persoa está distribuído de maneira desigual na sociedade: estratifícase con base en eixes como o xénero, a preferencia sexual, a raza, a etnia e a situación económica. As persoas expertas no ámbito apuntan ás políticas sociais, as ideoloxías e as prácticas empresariais privadas como evidencia desta estratificación (Reid, Dirks e Aseltine, 2009).

Unha das estratificacións máis relevantes ten que ver co acceso a estes recursos, que polo xeral se restrinxen a aquelas persoas que cumpren coa heteronormatividade. De feito, nalgúns países, mesmo en casos en que o marco xurídico e regulamentario é débil en aspectos como a seguridade dos procedementos das TRHA, os gobernos atoparon a maneira de establecer leis que prohiban o acceso ás persoas gays, lesbianas, transexuais e

solteiras. Esta medida vulnera o espírito das normas de dereitos humanos que a maioría dos países se comprometeron a manter (Spar, 2006: 33).

A vulneración do devandito dereito agrávase cando nos referimos aos países do sur global. De acordo coa Organización Mundial da Saúde (OMS) (WHO, UNICEF, UNFPA and The World Bank estimates, 2010), a infertilidade afectaba en 2010 a 48,5 millóns de parellas heterosexuais en idade reprodutiva en todo o mundo; ademais, entre 1990 e 2010 practicamente non houbo cambios nestas taxas. A OMS estima que a infertilidade é significativamente máis frecuente no sur global que no norte global (Mascahenhas *et al.*, 2012). Segundo Marcia Inhorn e Daphna Birenbaum-Carmeli (2008), ao contrario do que pode parecer, a maior prevalencia de infertilidade dáse entre as comunidades da África subsahariana, zona denominada como o «cinto de infertilidade». Os estudos demográficos da OMS de 2004 mostraron que na África subsahariana máis do 30% das mulleres de 25 a 49 anos sofren infertilidade secundaria.

Aínda que nos países do sur global hai unha maior taxa de infertilidade e máis estigma ao respecto, é nestes países onde a poboación ten menos acceso aos tratamentos reprodutivos, xa que o acceso ás TRHA é altamente estratificado. Así mesmo, a infertilidade ten tamén unha clara lectura de xénero. Aínda que no caso das parellas heterosexuais con problemas para concibir no 50% dos casos a infertilidade é masculina, o estigma social recae desproporcionadamente sobre as mulleres.

### **Exemplo 3: o caso da xestión subrogada**

Na maioría das sociedades, a desigualdade de xénero é un feito amplamente documentado, así como a súa interacción con outras desigualdades sociais. Esta armazón de desigualdades sociais que inclúe a clase, a etnia, o xénero, a diversidade funcional e a sexualidade, produce formas complexas de discriminación que obrigan ao uso de esquemas de análise multidimensionais, tales como o enfoque da análise interseccional.

Os estudos que incorporan a perspectiva da interseccionalidade abordan as formas en que os diferentes tipos de categorías sociais se combinan

en casos concretos, á procura de comprender como operan as relacións de poder na produción da desigualdade e a discriminación. No ámbito dos estudos da familia, a noción de interseccionalidade é fundamental para o estudo e a comprensión das «novas» realidades familiares, ao permitir identificar posicións sociais que son resultado da intervención dos diversos eixes de opresión que se entrecruzan (Erviti, 2014).

Se tomamos como exemplo o caso da xestación subrogada, veremos que é paradigmático para a aplicación da interseccionalidade no ámbito das denominadas novas familias (Golombok, 2015). Esta vía para formar unha familia pon de manifesto que as técnicas de reprodución humana asistida son algo máis que unha simple tecnoloxía, porque están profundamente arraigadas nas estruturas sociais existentes e nas relacións de poder, e é neste contexto social que o seu desenvolvemento, a súa práctica e a súa propagación teñen lugar.

O acceso á xestación subrogada é estratificado (Colen, 1995), xa que non todas as persoas teñen as mesmas oportunidades de alcanzalo. A estratificación non só está presente no acceso á práctica, senón que tamén o está na repartición dos roles dos axentes involucrados, neste caso as mulleres xestantes e as nais e pais de intención, é dicir, aquelas persoas que contratan os servizos dunha muller xestante para lograr a maternidade e a paternidade. Nalgúns casos, as relacións de poder e desigualdade poden ser inherentes á práctica, dado que en moitos casos as nais e pais de intención proveñen do norte global e as mulleres xestantes do sur global (Mohanty, 2003).

### Avaliación

Para a avaliación en ciencias sociais é importante ter en conta tanto as actividades que van ser valoradas como os criterios e o método de avaliación. Canto ás actividades que cómpre avaliar, aquelas destinadas a xerar un debate e unha visión crítica no alumnado poden contribuír de forma máis efectiva a corrixir o nesgo androcéntrico das ciencias sociais. De acordo con iso, o alumnado debería poder cuestionar os postulados, as teorías e os modelos tradicionais, así como os intereses subxacentes con respecto ao xénero.

Trátase de desmontar a falsa obxectividade do saber científico sinalado e teorizado tamén desde a epistemoloxía feminista por autoras como Donna Haraway (1995) ou Sandra Harding (1996). E trátase de que o alumnado sexa capaz de identificar estes intereses en aspectos relacionados coa socioloxía, a actualidade económica e a ciencia política. Posibles actividades avaliáveis poderían ser a lectura de artigos académicos acompañados de debate na clase ou o debate con noticias de actualidade.

No tocante aos criterios de avaliación, os coñecementos adquiridos sobre xénero na materia deben ser oportunamente valorados, sen que poidan ser considerados como aspectos complementarios ou opcionais. Así, por exemplo, un criterio de avaliación pode consistir en valorar que o alumnado non reproduza o nesgo androcéntrico e saiba aplicar o xénero de maneira analítica.

Desde o punto de vista do método de avaliación, é importante ter claro que mesmo os métodos considerados como obxectivos, como sería o caso dos exames tipo test ou multirresposta, poden ter un impacto diferente nos resultados obtidos por mozas e mozos. Existe unha ampla bibliografía (entre outros Bolger e Kellaghan, 1990; Rosser, 1989, Aboites, s. d.) que pon de relevo como existen importantes nesgos neste método: chegouse á conclusión de que este tipo de exames subestiman os coñecementos e as capacidades das mulleres.

Son varias as explicacións que se ofrecen a este feito e todas se relacionan coa cuestión de xénero. A socialización e a educación das mulleres á miúdo se orienta a que sexan obedientes e pasivas, e, por iso, se non están seguras de cal é a resposta correcta, tenden a absterse. En cambio, os homes están máis socializados na propia seguridade, adoitan arriscar e contestan máis a miúdo ao azar. Por outro lado, as mulleres son educadas de maneira que poden non desenvolverse ben se están aprisionadas polo tempo, e estas probas adoitan desenvolverse cun período de tempo concreto e máis ben breve.

Por último, as investigacións tamén mostran como os homes son educados para percibir a realidade de maneira racionalizada, composta

de pezas, lineal e fixa, e isto favorece o seu desempeño neste tipo de exames. As mozas, pola contra, son habitualmente educadas para percibir a realidade como un fluxo dinámico e complexo. Unha aproximación complexa non casa ben con preguntas como as dos exames tipo test, onde de maneira ríxida se inclúe unha definición do problema e un número determinado de respostas únicas posibles. Por tanto, os exames tipo test non avalían só o nivel académico, senón tamén o xénero das persoas (Aboites, s. d.).

### **Modalidades organizativas**

Respecto ás modalidades organizativas das dinámicas docentes, é importante ter en conta que, de forma xeral, a que propoñemos pode ser aplicada ás tres disciplinas: a socioloxía, a economía e a ciencia política.

Propónse a aula invertida como forma de traballar desde a perspectiva de xénero, dado que se queremos cambiar a cultura da aula e xerar un novo espazo de aprendizaxe onde desaparezan os prexuízos de xénero, tamén deberemos introducir cambios nas nosas actuacións na aula, e a aula invertida pode converterse nunha ferramenta para conseguilo.

Esta modalidade docente concibe que o alumnado pode obter información nun tempo e un lugar que non require a presenza física do profesorado. Trátase dun novo modelo pedagóxico que ofrece un enfoque integral para incrementar o compromiso e a implicación do alumnado no ensino, facendo que forme parte da súa creación e permitindo ao profesorado dar un tratamento máis individualizado (López, 2015).

Esta metodoloxía en que o alumnado traballa por adiantado os contidos para desenvolver na clase, pode ser unha boa maneira de enfrontalo e familiarizalo cos estudos desde unha perspectiva de xénero, así como co cuestionamento que supón pensar as materias desde este punto de vista. Dado que o método supón a procura de información, o feito de que xurdan dúbidas e poidan, en primeira instancia, enfrontarse a elas de maneira autónoma é unha boa oportunidade para ordenar as ideas e chegar á aula con dúbidas e continuar traballando nas sesións presenciais.

Por exemplo, no ámbito da socioloxía da familia, pódese pedir a un grupo que traballe o tema das familias monoparentais para o presentar na clase que expoña cales son as principais exclusións e problemáticas que afrontan, con bibliografía e datos. A partir de aí, poden comentar con que dúbidas ou problemas se atoparon.

### **Método docente**

En canto ao método docente, é importante ter en conta que a pesar de que moitos dos esforzos poden e deben ir dirixidos aos contidos das materias, é imprescindible tamén non esquecer as metodoloxías que empregaremos na aula e que interaccións e nivel de participación xeran entre o alumnado. Cómpre prestar atención ás dinámicas de participación na aula co fin de garantir a de mozas e mozos por igual. É necesario que o deseño das metodoloxías docentes inclúa e xere un espazo de seguridade para o alumnado, en que non teñan medo a equivocarse, non exista unha xerarquía entre sexos e todas as voces contan igual.

Todas estas ideas teñen relevancia porque nas aulas sempre existen certos nesgos androcéntricos. Queremos que o alumnado participe activamente no debate e podemos tender a valorar un estilo verbal que sexa seguro, asertivo e contundente. Estas premisas fan que unha parte do alumnado, en especial as alumnas, sinta que non cumpre co que esperamos do alumnado, e lévaa a dudar das súas habilidades (Bengoechea, 2014).

A investigación sinala que o alumnado masculino e feminino pode tender a diferentes estilos comunicativos e de participación na aula. Os alumnos poden facer as súas intervencións co obxectivo de gañar certo status, e o seu estilo pode tender a ser argumentativo. As alumnas, en cambio, poden estar incómodas ao sentirse xulgadas publicamente. Ademais, o alumnado masculino e feminino tende a ter actitudes diferentes cara ás súas propias capacidades, e xestiona de forma diferente o fracaso. Neste sentido cómpre lembrar que debe crearse un espazo inclusivo desde todas as perspectivas, que integre a diversidade de forma transversal, dado que a aula tradicional é un lugar de poder, privilexio e xerarquía (Bengoechea, 2014).

## •• 05. Recursos docentes

Neste apartado presentamos varios recursos para introducir a perspectiva de xénero na docencia, tendo en conta os seguintes aspectos: a linguaxe sensible ao xénero, os exemplos sen nesgos androcéntricos, a selección de temas, a presentación de datos desagregados por sexo, a selección de materiais que incorporan esta perspectiva e as dinámicas na aula.

### Linguaxe sensible ao xénero e exemplos sen nesgos androcéntricos

Ademais de facer uso dunha linguaxe non androcéntrica, en referencia ás ciencias sociais é importante utilizar unha terminoloxía que inclúa a perspectiva de xénero. Así, por exemplo, en **socioloxía**, cando falamos de benestar non hai que limitalo á esfera pública. Do mesmo xeito, cando nos referimos aos réximes de benestar, é necesario adoptar unha perspectiva de xénero canto ás súas tipoloxías e fuxir das categorizacións nesgadas.

No ámbito da socioloxía da familia tamén se debe usar unha linguaxe que non alimente os discursos estigmatizadores daquelas formas que non responden á norma biparental heteropatriarcal. Neste sentido, é fundamental partir da perspectiva da diversidade familiar e non presentar as familias non normativas como deficitarias ou excepcionais. Ademais, o uso da linguaxe pode normalizar termos como o de monoparentalidade, que é unha reivindicación das asociacións que aglutinan as familias deste tipo, para visibilizar que a gran maioría están encabezadas por mulleres. Por outra parte, por exemplo, cando se presentan datos sobre a división sexual do traballo nos fogares biparentais, hai que especificar se se trata de parellas heterosexuais e non caer na asunción de que o son.

En relación coa **economía**, é importante que a linguaxe utilizada na docencia teña en conta as achegas realizadas pola economía feminista para corrixir o nesgo androcéntrico da disciplina. Cómpre non equiparar traballo e emprego, polo que se nos referimos ao traballo mercantil hai que especificalo, de forma que non se entenda que o traballo en xeral é este. Co fin de evitalo, podemos utilizar termos como traballo remunerado, tra-

ballo mercantil ou emprego. Por outra parte, cando falamos de produción, tampouco hai que limitala á mercantil. Ademais, os exemplos que presentamos en clase sobre traballo ou sobre produción, deben considerar esta perspectiva. Igualmente, para poñer en valor o traballo de coidados, deben estudarse exemplos que estean centrados nel.

No tocante á **ciencia política**, un exemplo de termos que poden conter un nesgo androcéntrico son os de cidadanía ou participación política, como explicamos. Se presentamos datos que sinalan unha menor participación política das mulleres, é necesario considerar en que tipo de espazos se produce esta menor participación, de modo que non se sobreentenda que se limita aos aspectos máis relacionados coa esfera pública. No momento de empregar exemplos en clase sobre participación, co fin de incorporar unha perspectiva de xénero, teñen que amosar experiencias en que predominen as mulleres, de maneira que se visibilice e se valore esta participación.

### **Selección de temas para facer presentacións que recollan os intereses das mulleres e dos homes**

Como se puxo de relevo, unha das grandes dificultades que se atopan no ámbito das ciencias sociais é o androcentrismo no coñecemento, o que marca, entre outras cousas, os textos e as persoas autoras que se traballan na aula, os conceptos e a selección de temas que poidan recoller intereses de mulleres e homes por igual. Plans docentes, bibliografías e práctica docente están tamén imbuídos pola cegueira de xénero, e, daquela, tamén se debe facer un esforzo para non caer nela.

Nas ciencias sociais adoito se traballa arredor dos problemas sociais, polo que se poden usar os exemplos que a diario atopamos nos medios de comunicación. As noticias poden ser un recurso útil na docencia para xerar un debate e un pensamento crítico. No momento de facer a selección das temáticas sobre as que debater os problemas sociais, económicos e políticos que queremos abordar, debemos tratar de que estes sirvan para visibilizar as desigualdades de xénero que nos atopamos en cada disciplina, así



como para poñer en valor as experiencias, os traballos e os espazos onde predominan as mulleres.

En relación coa **socioloxía**, un recurso é, por exemplo, o programa de radio da BBC *Women's hour*, que en si mesmo resulta unha inspiradora base de datos actual sobre diferentes temáticas que inclúen a perspectiva de xénero. Aos seus programas están convidadas tanto profesionais como persoas do ámbito académico que abordan os temas propostos desde a perspectiva de xénero. Trátase dunha ferramenta de traballo diferente que pode servir á vez para motivar o alumnado.

No tocante á **economía**, pódense atopar moitas noticias que fan referencia á división sexual do traballo ou ás desigualdades no ámbito laboral. As publicacións de barómetros e estatísticas de ámbito estatal ou europeo veñen comunmente acompañadas de artigos de prensa que recollen os principais resultados. Entre outras, pódense ter en conta noticias sobre o Eurobarómetro de igualdade de xénero da UE. Outra temática que mediaticamente adoita ter relevancia é a relativa á fenda salarial, a partir da cal se pode debater sobre as súas causas.

Respecto á **ciencia política**, tamén hai múltiples exemplos de temáticas relacionadas coas desigualdades de xénero na política, o que, ademais, forma parte da actualidade mediática. As publicacións de informes tamén adoitan vir acompañadas de noticias en que se amosan os resultados. O eurobarómetro mencionado no parágrafo anterior contén tamén elementos relacionados coa participación política. Así, por exemplo, pódese atopar información sobre a opinión que teñen europeos e europeas sobre a participación das mulleres nos espazos de toma de decisións políticas, ou sobre as prioridades das europeas en relación coas políticas de igualdade.

### **Presentación de datos desagregados por sexo e análises sensibles ao xénero**

Se queremos facer un retrato fiel da realidade e unha abordaxe xusta dos problemas sociais, cómpre que sempre desagreguemos por sexo a información e os datos de todos os ámbitos sociais, tanto cuantitativos como

cualitativos. Non facelo conduce inevitablemente á invisibilidade da realidade das mulleres, mesmo á deformación desta realidade. Esta situación ten como consecuencia, entre outras, unha inadecuada formulación das políticas públicas e os plans de acción que responden ás demandas e as necesidades das mulleres, en particular canto ás desigualdades nas que se ven inmersas.

Tamén se recomenda realizar unha análise interseccional a través da cal se poidan mostrar as múltiples desigualdades que poden operar no campo das ciencias sociais. As estatísticas que se presentan a continuación, en moitos dos casos, permiten facer este tipo de análise.

En xeral, recoméndase visitar a páxina web do Instituto da Muller e pola Igualdade de Oportunidades, onde se recompilan diferentes estatísticas de ámbito estatal que reúnen datos desagregados por sexo sobre diferentes temáticas relacionadas coas ciencias sociais. Tamén se recomenda visitar a páxina web do Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE), onde se poden atopar datos sobre as desigualdades de xénero en diversas áreas.

Concretamente, salientamos as seguintes fontes de datos:

- a) Enquisa de Poboación Activa (INE). Aínda que contén negos androcéntricos, permite dispoñer de datos desagregados que mostran as desigualdades de xénero no mercado laboral. Por exemplo, a desigual participación no mercado laboral (taxa de actividade por sexo, taxa de paro por sexo); a segregación vertical (poboación ocupada por sexo e tipo de emprego); a segregación horizontal (poboación ocupada por sexo e rama de actividade); ou a maior precariedade laboral das mulleres (poboación ocupada por sexo e tipo de contrato, poboación ocupada por sexo e tipo de xornada e motivo de xornada parcial).  
<https://bit.ly/36mjHZY>
- b) Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Datos sobre excedencias para o coidado de persoas dependentes que mostran como as mulleres interrompen máis a súa vida laboral por esta causa, e tamén

- datos sobre a desigualdade salarial e a segregación da Enquisa nacional de condicións de traballo.  
<https://bit.ly/2MQUEq9>
- c) Enquisa de estrutura salarial (INE). Datos sobre a fenda salarial entre mulleres e homes.  
<https://bit.ly/39Dh7R4>
- d) Datos da fenda salarial na UE. A Comisión Europea elabora informes sobre a fenda salarial e outras desigualdades laborais no ámbito europeo.  
<https://bit.ly/35nUjSa>
- e) Datos sobre mercado laboral e xénero no ámbito europeo. Pódense atopar datos tanto sobre a fenda salarial como doutras cuestións laborais na páxina web do Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE).  
<https://bit.ly/2rQrKix>
- f) Datos sobre mercado laboral e xénero da OIT.  
<https://bit.ly/2MR7HaS>
- g) Labour Force Survey (Eurostat).  
<https://bit.ly/2MPo1cc>
- h) OCDE Labour Statistics.  
<https://bit.ly/2FkKc5S>
- i) Plataforma Impacto de Género Ya! Esta plataforma realiza informes sobre os orzamentos xerais do Estado desde unha perspectiva de xénero.  
<https://bit.ly/2Q6AB8Y>
- j) Contas satélite de produción doméstica en Cataluña, 2001 (IDES-CAT).  
<https://bit.ly/3a2TamF>
- k) Cuenta satélite de los hogares en España, 2003 (INE).  
<https://bit.ly/2NhJxGS>
- l) Household production and consumption Proposal for a Methodology of the Household Satellite Accounts (Eurostat).  
<https://bit.ly/3od6wbv>

- m) Enquisa de orzamentos familiares (INE). Estes datos poden utilizarse para mostrar os cambios nos gastos familiares durante a crise e como repercutiron canto ao xénero.  
<https://bit.ly/2FJeeka>
- n) Enquisa de emprego do tempo (INE).  
<https://bit.ly/2R8nPGx>
- o) Enquisa do uso do tempo (IDESCAT).  
<https://bit.ly/37WUOnW>
- p) How is the time of women and men distributed in Europe? (Eurostat).  
<https://bit.ly/2t9qGqA>
- q) Inter-Parliamentary Union (IPU). Na web da Organización Internacional dos Parlamentos pódense atopar datos desagregados sobre a participación das mulleres nos parlamentos no ámbito mundial.  
<https://bit.ly/35LXi7d>
- r) Women and men in decision-making, na Gender Statistics Database do EIGE. Contén datos sobre a participación de mulleres e homes na política europea.  
<https://bit.ly/37YGjQv>
- s) Quality of Government Database, do Instituto de Calidade do Goberno (QOG).  
<https://bit.ly/2FitAW7>
- t) World Values Survey.  
<https://bit.ly/2QJY7sW>
- u) European Values Study.  
<https://bit.ly/35LZ9Jd>
- v) European Social Survey.  
<https://bit.ly/2ThCeD5>
- w) Estatísticas da Comisión Económica de Europa das Nacións Unidas (UNECE). Contén información desagregada por sexos e países sobre membros dos parlamentos nacionais, ministros/as, alcaldes/esas e xuíces e xuízas, entre outros.  
<https://bit.ly/35J8IIH>

- x) Estatísticas da OIT sobre o mercado laboral.  
<https://bit.ly/2FJGMtK>
- y) Estatísticas sobre o poder e a toma de decisións en España do Instituto da Muller.  
<https://bit.ly/2si1SMJ>
- z) Gender Watch. Informacións sobre mulleres e estudos de xénero e investigación LGTBI.  
<https://bit.ly/2R9wybl>
- aa) Gender Statistics (Eurostat).  
<https://bit.ly/3a3odvD>
- bb) Gender Equality (Eurostat).  
<https://bit.ly/2Th9qKU>

### **Selección de materiais visuais sensibles ao xénero**

As imaxes significan e representan a forma que temos de ver e entender o mundo, por iso é de vital importancia traballar na deconstrución desta forma instaurada da mirada masculina (*male gaze*) e buscar propostas rompedoras, que se dan como naturais e «normais» ao abordar, por exemplo, os problemas sociais.

Canto á procura de materiais visuais sensibles ao xénero, enuméranse a continuación diversas propostas que poden ser de utilidade

### **SOCIOLOXÍA**

Videoconferencias:

*New Families in the Age of Reproductive Technologies: Donors, Donor Siblings and Single Mothers*, de Rosanna Hertz. Profesora de Socioloxía e Estudos de Mulleres e xénero no Wellesley College.

<https://bit.ly/35mdhbY>

*Look at You, Look at Us. Women, Crime and Criminal Justice. Victims or Offenders?*, de Loraine Gelsthorpe. Profesora de Criminoloxía e Xustiza Criminal na Universidade de Cambridge

<https://bit.ly/35gY1gl>

Ficcións:

*Ladybird, Ladybird* (1994). Unha ficción a partir da cal traballar as políticas e estruturas familiares desde unha perspectiva de xénero.

*Antonia's Line* (1995). Para traballar a diversidade familiar, o peso dos espazos urbanos pequenos ou rurais e as identidades sexuais, entre outros temas.

## ECONOMÍA

*O sal da terra* (*The Salt of the Earth*, 1954), de Herbert J. Biberman, filme que trata sobre un feito real ocorrido en 1951 nunha mina de cinc situada en Novo México. As diferenzas de soldo entre os mineiros de orixe mexicana e os de orixe anglosaxoa provocou unha folga. Na película amósase o papel das mulleres dos obreiros, que tiveron un rol activo e primordial a pesar da oposición dos homes, na folga. Neste sentido, pódese utilizar para mostrar as desigualdades de xénero nas familias obreiras e a loita obreira, así como para visibilizar a importancia do papel das mulleres nesta loita.

*Who's Counting? Marilyn Waring onde Sex, Lies and Global Economics* (1995). Documental dirixido por Terre Nash que trata sobre a vida de Marilyn Waring desde a súa participación na política, con base nas ideas que se recollen no libro *If Women Counted* (1988). Como membro do parlamento de Nova Zelanda de 1975 a 1984, entre outras cousas, cuestionou que a economía e as políticas económicas ignorasen o traballo de coidados, así como o valor da natureza. Tanto o documental como o seu libro poden servir para tratar o tema do nesgo androcéntrico das contas nacionais.

*¡Cuidado, resbala!* (2013). Documental do Círculo de Mujeres de Málaga en que se fai unha análise da crise dos coidados e da maneira en que as familias de clase media e alta dos países do norte global a resolveron, en

parte, a través da contratación de traballadoras do fogar inmigrantes procedentes do sur global en condicións moi precarias. Preséntanse tanto elementos teóricos relacionados coa economía feminista e coa crise dos coidados, a través de entrevistas a expertos, como testemuños que evidencian a precarización deste traballo. Tamén se trata o tema das cadeas globais de coidados, referido á transferencia de coidados que se produce do sur ao norte aproveitando múltiples desigualdades globais.

<https://bit.ly/2RiowOO>

*Criadas e señoras (The Help, 2011)*, de Tate Taylor. Trata sobre as condicións de escravitude e precariedade das traballadoras do fogar negras en Mississippi nos anos sesenta. Neste filme pódense ver as múltiples discriminacións que sofren as mulleres negras, polo que pode ser unha boa ferramenta para tratar o tema da interseccionalidade.

Conferencias de Amaia Pérez Orozco, economista feminista, académica e activista, sobre diferentes aspectos relacionados con esta temática. Destacamos a conferencia *Construyendo un modelo económico y social feminista; dando pasos desde hoy*, que impartiu no V Encontro Feminista de Mujeres Abertzales (2012). Nesta conferencia ofrece unha análise feminista das crises.

Primeira parte: <https://bit.ly/37Hyq1Z>

Segunda parte: <https://bit.ly/2MR5WKR>

Intervención de Julia López sobre a reforma laboral de 2012 no marco do acto *¿Que és i on ens porta la reorma laboral?*, convocado por Profesorado en Diagonal e a Asemblea de Estudantes da Facultade de Economía e Empresa da UB. Preséntase a reforma laboral desde unha perspectiva de xénero.

<https://bit.ly/37vAQAp>

## POLÍTICA

*Clara Campoamor. A muller esquecida (Clara Campoamor, la mujer olvidada, 2011)*, de Laura Mañá. Trata sobre o importante papel que tivo Clara Campoamor en conseguir o voto das mulleres en España.

*Sufragistas* (*Suffragette*, 2015), de Sarah Gavron. Trata sobre o movemento sufraxista en Inglaterra ás portas da Primeira Guerra Mundial. Visibiliza sobre todo o papel das mulleres obreiras neste movemento, que comunmente quedou menos recoñecido.

*She is beautiful when she is angry* (2014), de Mary Doure. Documental sobre as mulleres que fundaron o movemento feminista dos anos sesenta. Baixo o lema «O persoal é político», fixeron contribucións fundamentais, ao conceptualizar o sistema patriarcal, poñer o foco na importancia de entender a relación entre a esfera mercantil e a esfera doméstica, ou avanzar cara unha igualdade substancial que require romper co sistema patriarcal, ampliando, desta maneira, a ollada e a loita do feminismo liberal precedente, máis centrado na igualdade formal e na esfera pública.

*Revoluton Today*, de Angela Davis (2017). Esta conferencia ofrece unha oportunidade para aproximarse ás principais ideas desta importante filósofa, política, académica e activista feminista, que tivo un papel fundamental no feminismo negro e o enfoque interseccional, en particular coa súa obra *Women, Race and Class* (1981).

<https://bit.ly/2MTFLmV>

### Dinámicas na aula

Velaquí algúns materiais que dirixen esta cuestión:

Gender Issues in the College Classroom

Un breve documento da Universidade de Columbia que apunta algunhas estratexias para facer das clases espazos inclusivos e non androcéntricos.

<https://bit.ly/2MBD6oS>

Gender and Education In The Classroom

<https://bit.ly/366UmDo>



## •• 06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero

O androcentrismo na ciencia refírese ás formas de coñecemento que implican a adopción dunha perspectiva masculina. Isto afecta tanto á práctica da investigación como á construción das formulacións teóricas (Harding, 1996; Eichler, 1992), e, por desgraza, atopámolo en todos os ámbitos do coñecemento. Así, para comprender como se estuda a realidade social, debemos abordar antes de nada a maneira en que as investigadoras e os investigadores nos achegamos ao coñecemento, de tal forma que debemos tratar os aspectos epistemolóxicos (Lois e Alonso, 2014).

En referencia a esta cuestión, ante as epistemoloxías positivistas, a epistemoloxía situada (Villamea, 1999) critica a suposta obxectividade do saber científico e pon ao descuberto que a realidade non é obxectiva, ao se tratar dunha construción social, e que a produción de coñecemento científico está influída polas prácticas de poder subxacentes a esta produción e a situación dos suxeitos. Esta epistemoloxía parte de que os coñecementos se relacionan co contexto en que xorden, a cuestionar as teorías científicas universais e a suposta obxectividade da ciencia. Como defende Sandra Harding (1996: 15):

En cada área, conseguimos descubrir que o que adoitamos considerar problemas, conceptos, teorías, metodoloxías obxectivas e verdades transcendentais que abranguen todo o humano non chegan a tanto. Son, en cambio, produtos do pensamento que levan a marca dos seus creadores colectivos ou individuais que, á súa vez, están marcados de forma característica polo seu xénero, clase social, raza e cultura.

Así, a partir do concepto de coñecemento situado (Haraway, 1995), é posible facer visible o punto de vista desde o que se constrúe o coñecemento e identificar os privilexios epistemolóxicos que se atopan detrás dos procesos científicos. A epistemoloxía feminista parte desta crítica á obxectividade do saber para evidenciar o nesgo androcéntrico do coñecemento científico e considerar e cuestionar os privilexios desde os cales se xera

este coñecemento (Biglia, 2000; Haraway, 1995; Harding, 1996; Prats, 1998; Villarme, 1999).

A construción nesgada do coñecemento acaba influíndo na investigación. O androcentrismo na investigación implica tomar como punto de partida a experiencia e vivencia social masculina, mais non calquera tipo, senón aquela vivida polo home branco, occidental, sen diversidade funcional e de clase media. O androcentrismo fai que «masculino» e «humano» sexan sinónimos, é dicir, que cando nos referimos á sociedade ou ao ser humano o noso imaxinario sempre fai referencia e recorre á masculinidade estándar. Isto, entre outros aspectos, comporta a invisibilización das mulleres na investigación, que se manifesta a través da súa infrarrepresentación ou exclusión en temáticas, espazos ou problemas considerados tradicionalmente masculinos.

Este feito repítese en todos aqueles ámbitos e fenómenos en que tradicionalmente os homes tiveron máis presenza, control e poder, como sería o caso de todo o que ten lugar na esfera pública, como a política ou o mercado laboral. Ademais, o androcentrismo tamén marca os conceptos, variables e indicadores que deben ser analizados. De xeito habitual, nas ciencias sociais só se considerou o ámbito público como espazo onde se producen as relacións económicas, políticas e, en xeral, sociais relevantes. Deste xeito, omítese a grande importancia que para a experiencia das mulleres teñen os traballos, o tempo, as relacións e os recursos que se xeran no ámbito doméstico e na comunidade.

As ciencias sociais sérvense dunha gran variedade de métodos cuantitativos e cualitativos para recoller a información que informa o seu empirismo. Utilízanse como medio para asegurar que os datos son recollidos e analizados sistematicamente, co obxectivo de explicar e estender o coñecemento, pero se o androcentrismo está presente nesta metodoloxía, o resultado, obviamente, está nesgado. O impacto do androcentrismo non acaba aquí. Cuestionar este androcentrismo na ciencia permitiu, entre outras cousas, poñer en evidencia os nesgos noutros aspectos fundamen-

tais como son a elección dos temas de investigación ou o suposto universalismo das formas de coñecemento occidentais, por exemplo.

Como resposta, a metodoloxía feminista xorde para orientar e compensar o nesgo androcéntrico na investigación, ressignifica o método científico clásico e incorpora a perspectiva de xénero na investigación en ciencias sociais. Entre outras cousas propón, en primeiro lugar, a construción de conceptos e indicadores que teñan en conta os tempos, traballos, espazos e experiencias onde predominan as mulleres. En segundo lugar, tamén mostra a importancia de estudar as desigualdades de xénero que operan nos diferentes campos de análise que queiramos abordar. En terceiro e último lugar, partindo das achegas da epistemoloxía situada, suxírense ter en conta que a realidade non é obxectiva, senón que é unha construción social, e considerar o papel que ten a ciencia en canto á creación de realidade, o que implica que unha investigación desde unha perspectiva feminista teña en conta os seus efectos sobre a realidade e se comprometa co cambio social (Biglia, 2000; Dei Nella, Almeda e Ortiz, 2014).

As investigacións feministas adoptan unha ética definida a partir da súa atención a elementos relacionados co poder, coas relacións entre os actores que participan na investigación, coas desigualdades e exclusións desde unha perspectiva interseccional e de autorreflexividade en relación coa influencia do contexto e a situación de que se parte como investigadoras e investigadores. Recollemos a seguir algunhas achegas e algúns exemplos nos campos da socioloxía, a economía e a ciencia política.

Respecto á **socioloxía**, é importante evitar o nesgo de xénero que a miúdo opera a través da asunción de estereotipos de xénero como supostos científicos, o que ten lugar cando non se realiza unha análise rigorosa en termos de sexo e xénero. Este nesgo baséase no suposto erróneo da existencia de igualdade ou diferenzas entre mulleres e homes, que a miúdo se realiza naturalizando as diferenzas socialmente construídas.

A continuación apúntanse algúns temas para ter en conta na formulación dos TFG ou TFM da disciplina. Investigar con perspectiva de xénero significa que a dimensión de xénero está integrada en todas as fases da

investigación: identificación do problema; definición conceptual; marco analítico; metodoloxía e análise dos resultados.

De acordo con Leduc (2009), o primeiro paso na investigación é detectar o noso propio nesgo de xénero como investigadoras e investigadores, unha reflexión que debería facer o noso alumnado. A investigación non é neutral, a posición e os valores persoais poden afectar os temas elixidos ou a perspectiva e o método de investigación. Xa que logo, o alumnado que se inicia na investigación é importante que parta deste punto.

En segundo lugar, cómpre definir un marco conceptual que reflicta tanto as experiencias femininas como as masculinas, é dicir, evitar o nesgo masculino e asegurar un enfoque inclusivo e sensible ao xénero. En terceiro lugar, debemos formular unha pregunta de investigación sensible ao xénero, é dicir, como son mulleres e homes actualmente afectados polo tema de investigación e como están implicados no tema?

Cuarto, é necesario usar definicións inclusivas de conceptos que eviten as xeneralizacións, é dicir, se as mulleres e os homes teñen diferentes experiencias relacionadas co campo da investigación, é probable que teñan distintas definicións de conceptos. En quinto lugar, ten que empregarse unha metodoloxía sensible ao xénero, o que pasaría tamén pola utilización de métodos e ferramentas participativos e respectuosos cos grupos de poboación estudados. Neste sentido é importante tamén utilizar ferramentas cualitativas para captar a diversidade e as diferentes perspectivas das persoas. Se as ferramentas cuantitativas son útiles para identificar «que» e «cantas», as ferramentas cualitativas son interesantes porque nos axudamos a entender «como» e «por que».

Por último, hai que garantir que tanto mulleres como homes están representados de xeito equitativo nas mostras analizadas, entre as persoas entrevistadas, etc. Na fase de análise é imprescindible utilizar datos desagregados por sexo e realizar unha análise de xénero, é dicir, unha análise que proporcione información sobre como as mulleres e os homes están relacionados ou afectados polo tema que investigamos. Cómpre ter en conta aspectos como a división sexual do traballo, o acceso e o control

de mulleres e homes respecto a todo tipo de recursos, as posibles relacións de poder no fogar, a comunidade, a sociedade etc.

En conclusión, incluír a perspectiva de xénero consiste en revelar como operan os estereotipos de xénero na investigación, algo que tamén pode facerse a través das metodoloxías feministas de investigación. Estas metodoloxías facilitan unha nova comprensión dos obxectos de estudo, amais dunha nova lectura do grupo social «mulleres». Por exemplo, as mulleres tradicionalmente foron consideradas abondo diferentes como para ser excluídas das mostras de estudos de investigación, mais non como para excluílas das xeneralizacións e as inferencias dos resultados, xulgados como aplicables a todos os seres humanos (Murgibe, 2005).

Por último, é importante sinalar que o feito de analizar a realidade desde esta perspectiva non pode implicar nunca considerar as mulleres como un grupo de poboación homoxéneo. As formas de subordinación social e económica e de vulnerabilidade son complexas, diversas e tan únicas como as persoas que as padecen.

En relación coa **economía**, como vimos, a economía feminista puxo de relevo como as escolas clásica, neoclásica e marxista reduciron o concepto de traballo ao de emprego, de forma que o traballo dos coidados quedou fóra dos seus postulados. Ademais, tamén se ocultou a relación entre a esfera mercantil e o traballo realizado nos fogares. Así mesmo, a economía feminista tamén mostrou o nesgo androcéntrico dos indicadores económicos. A visión androcéntrica comporta a que as categorías, as tipificacións e os indicadores non reflectan máis que a realidade social a partir da visión masculina da sociedade. As categorizacións ou sistemas de indicadores non son máis que unha convención que responde fundamentalmente á orientación ideolóxica e ao obxectivo político de quen os elabora (Carrasco et al., 2006).

Como resposta, a economía feminista propón o deseño de indicadores económicos non androcéntricos. Así, en referencia aos indicadores sobre traballo, propónse deseñar unha enquisa de poboación activa (EPA) non androcéntrica. Tradicionalmente na EPA as persoas que se dedican

a tempo completo ao traballo dos coidados son consideradas inactivas. Unha EPA non androcéntrica presentaría novos indicadores sobre o traballo que non obviasen o traballo dos coidados (Carrasco e Domínguez, 2003; 2013). No tocante aos indicadores sobre produción, as contas nacionais non inclúen a produción doméstica (Waring, 1994), o que pode ser compensado a través das contas satélites da produción doméstica, de que falamos no apartado 4.

Daquela, cando se fai un TFG ou un TFM en economía, é importante empregar conceptos e indicadores de traballo e de produción que inclúan o traballo dos coidados e non se limiten ao traballo mercantil. De igual xeito, cando falemos de produción ou de riqueza resulta imprescindible circunscribir estes conceptos á esfera mercantil. Tamén o concepto de crise é ampliable a outros aspectos que saen das estreitas marxes do mercado: como vimos, ademais da crise financeira está a crise dos coidados, que tamén é económica.

Así, por exemplo, se queremos analizar o traballo efectuado na esfera mercantil, teremos que falar de traballo mercantil ou de traballo remunerado, e non de traballo en sentido amplo; e o mesmo coa produción ou coa crise. Ademais, procurarase utilizar indicadores económicos non androcéntricos ou, se non é posible, amosar o nesgo androcéntrico dos indicadores que usamos e as súas carencias.

Por outra parte, como explicamos ao comezo deste apartado, é necesario ter en conta as desigualdades de xénero que se dan na economía. Amais de mostrar datos desagregados por xénero en calquera investigación que facemos, é importante situar estas desigualdades de xénero como parte intrínseca do sistema económico. Como fomos explicando, non se trata tanto de quedar unicamente nas desigualdades de xénero que se producen nos eidos laboral ou de renda, senón de ir máis alá e buscar a raíz destas desigualdades. Neste sentido, fomos considerando a relación entre a esfera mercantil e a doméstica, de tal maneira que se analizamos algún aspecto relacionado coa esfera mercantil, cómpre considerar tamén o que sucede na esfera doméstica.

O sistema económico sostense sobre a invisibilización, o desprezo e a gratuidade do traballo dos coidados, e utiliza as desigualdades de xénero que operan na súa repartición e na súa falta de valor. Por tanto, estas desigualdades non poden ser vistas como meras consecuencias. Á hora de investigar, cando presentemos os datos desagregados por xénero en relación con diversos aspectos da esfera mercantil, é necesario establecer un vínculo coa esfera doméstica para explicalos. Así, por exemplo, se analizamos o mercado laboral, non podemos entender as desigualdades de xénero sen ter en conta a desigual repartición do traballo dos coidados nos fogares. Se analizamos as políticas económicas ou as crises, ademais de ver os seus efectos desiguais para mulleres e homes, podemos ir máis alá e mostrar como estas políticas se sosteñen e contan coa asunción feminizada, gratuíta e privatizada do traballo dos coidados.

Por outra parte, á hora de mostrar estas desigualdades de xénero tamén é importante ter en conta aspectos relacionados coas interseccionalidades. Como dixemos, son as mulleres de clases baixas e de orixe inmigrante as que máis carga de coidados asumen, alén de que tamén son sobre quen recae o traballo de coidados remunerado.

Por último, co fin de facer investigacións comprometidas coa igualdade, amais de mostrar e denunciar as desigualdades económicas de xénero, cómpre revertir a excesiva centralidade da maximización da utilidade individual con estudos que contribúan, dalgunha maneira, a construír alternativas económicas centradas na vida, onde o traballo de coidados é imprescindible, para darlle máis valor e recoñecemento social neste traballo. Neste sentido, poden ser valiosas as investigacións que elixen como obxecto de estudo o traballo de coidados, que coadxuvan á súa valoración, ou que empregan conceptos como o de sustentabilidade da vida ou *bo vivir*.

Canto á **ciencia política**, a epistemoloxía feminista en ciencia política mostrou que o que se presenta como neutral pode conter nesgos que levan a que se reflecta só a realidade dunha parte da poboación, e cuestionou a forma na que se constrúen os conceptos sobre os que facemos investiga-

ción. Así, conceptos como os de cidadanía, participación política ou estado do benestar están construídos desde un punto de vista androcéntrico.

No apartado 3 mostramos as críticas feministas á concepción de cidadanía, mentres que no apartado 4 evidenciamos como unha concepción androcéntrica da participación política pode levar a un infrarrecoñecemento da participación das mulleres. Este é o motivo de que se desprezase a súa vinculación a organizacións de tipo comunitario con demandas cotiás, tradicionalmente. No tocante ao estado do benestar, a literatura feminista puxo de manifesto como as definicións e as tipoloxías máis recoñecidas tenderon a deixar de lado o espazo doméstico e comunitario, para se centrar unicamente no mercado e no estado (Lewis, 2002).

Respecto ao empirismo, as aproximacións feministas abordaron, dun lado, como as ideas e as demandas feministas están presentes na axenda política; e, do outro, como o androcentrismo marca a construción tanto dos problemas públicos como das solucións. O chamado empirismo feminista estuda como e por que motivos o sistema político responde ou non ás necesidades e demandas das mulleres.

Neste sentido, desde esta perspectiva sostense que considerando as desigualdades de xénero na investigación cos métodos existentes, pódese levar a cabo unha procura que non conteña prexuizos (Hawkesworth, 2006). Outra corrente de tipo construtivista e máis crítica argumenta que os problemas públicos están construídos sobre a base dos discursos políticos, polo que as desigualdades de xénero no ámbito político son resultado da forma na que se producen estes discursos e os valores, as crenzas e as normas que quedan expresados na política (Lois e Alonso, 2014).

En relación coa consideración das desigualdades de xénero na investigación en ciencia política, é importante ter en conta as variables utilizadas para as mostrar. Vimos algúns exemplos no apartado 4 daquelas relativas á representación de mulleres e homes na política, as diferenzas no comportamento e na participación política ou os efectos desiguais que poden ter as políticas públicas. Hai que presentar datos desagregados por xénero



para revelar estas desigualdades, así como ter en conta que indicadores usaremos para as amosar, de maneira que non conteñan nesgos de xénero.

Por outra banda, cómpre explicar as desigualdades resultantes, polo que, de novo, a relación entre a esfera pública e a privada ten unha especial relevancia. Como se observa nos exemplos mencionados, a división sexual do traballo acaba por xerar un déficit de recursos para a participación política das mulleres, dada a súa menor dispoñibilidade de tempo e de recursos económicos. Tamén se deben considerar outros aspectos como os procesos de socialización a través dos cales se adquiren os roles de xénero, que marcan a participación de mulleres e homes na política.

Á hora de facer un TFM ou TFG en ciencia política desde unha perspectiva de xénero, é necesario revisar os conceptos e as variables que imos analizar, mostrar as desigualdades de xénero no ámbito político –as súas raíces– e facer unha investigación que presente a nosa situación e o noso compromiso ético co avance cara a unha maior igualdade. Isto pode traducirse, por exemplo, en denunciar as desigualdades que se poden atopar nas políticas públicas, en contribuír a poñer en valor a participación política das mulleres ou en facer achegas que se poidan empregar para a elaboración de políticas de igualdade.

Para finalizar, queremos concretar e resumir algunhas pautas básicas que se poden dar para orientar a realización de TFG e TFM con perspectiva de xénero nas ciencias sociais:

- a) Suxerir temas de investigación especialmente sensibles ao xénero e que estimulen o pensamento crítico, a través dos cales se poidan romper os estereotipos e prexuizos cotiáns, poñer en valor os espazos e traballos onde predominan as mulleres e avanzar cara a unha maior igualdade de xénero.
- b) Mover o suxeito de estudo non só de homes a mulleres, senón tamén cara á diversidade de identidades (cultural, relixiosa, de clase e de orixe) con enfoques interseccionais.

- c) Utilizar indicadores non androcéntricos ou, se isto non é posible, sinalar as limitacións das estatísticas e dos datos existentes desde unha perspectiva crítica e feminista.
- d) Empregar datos desagregados por sexos e realizar unha lectura destes sensible ao xénero, dado que os suxeitos muller e home implican unha serie de prescricións normativas e de asignación de espazos sociais asimetricamente distribuídos (Cobo, 2008).
- e) Usar unha linguaxe non androcéntrica e partir de conceptos non androcéntricos (non equiparar traballo e emprego, non limitar o benestar á esfera pública etc.).
- f) Consignar na bibliografía o nome de pía completo de autores e autoras, para visibilizar a contribución das mulleres ao coñecemento científico.
- g) Velar polo equilibrio entre autoras e autores na bibliografía utilizada.

## •• 07. Ferramentas de consulta

### Socioloxía

#### 1. WEBGRAFIA SOBRE MATERIAIS DOCENTES, INVESTIGACIÓNS E PROXECTOS

Gender & Society in the Classroom

Unha das principais revistas sociolóxicas, *Gender & Society*, creou un portal cunha serie de artigos relacionados co xénero e a docencia. Estes materiais poden ser útiles para a preparación de plans docentes e de clases, na creación de bibliografías e na orientación da investigación en determinados subcampos da socioloxía.

<https://bit.ly/2FkCMQ4>

Films for the Feminist Classroom

Diario en liña e de acceso aberto que publica recensións de cinema desde a perspectiva pedagóxica, sinalando o seu valor como ferramenta educativa para traballar na aula. Inclúense exemplos de leccións e de como traballar os filmes na aula.

<https://bit.ly/2ZN5mTL>

UK Web Archive

Trátase dunha colección de páxinas web sobre mulleres que mantén a Biblioteca Británica en colaboración coa Biblioteca de Mulleres da LSE.

<https://bit.ly/36mog3q>

FAAMEF. Facilitando a aprendizaxe autónoma sobre metodoloxías de investigación feminista

Trátase dun proxecto de innovación docente desenvolvido polo grupo de investigación e innovación docente CEFOCID-COPOLIS. O seu obxectivo é a construción e a difusión dun repositorio de metodoloxías feministas de investigación creado polo alumnado.

<https://bit.ly/35jko4V>

DOCOFAM. Mulleres, control social e familias

Trátase dun proxecto de innovación docente desenvolvido polo grupo de investigación e innovación docente CEFOCID-COPOLIS. Trátase dunha experiencia de vinculación de tres materias onde o xénero se expón transversalmente co obxectivo de crear sinerxías entre o alumnado e as materias traballadas. Concretamente enmárcase nos estudos de Socioloxía, nas materias Socioloxía dos Xéneros e Socioloxía da Familia e do Ciclo Vital (de grao); e Mulleres, Control e Exclusión Social (de máster).

<https://bit.ly/3f8qr1x>

Comité de Investigación en Socioloxía do Xénero da Federación Estatal de Socioloxía (FES)

Comité formado por sociólogas especializadas en xénero e feminismo.

<https://bit.ly/2FfmS9P>

Asociación Europea para a Investigación, a Educación e a Documentación de Xénero (Atgender)

É unha asociación formada por académicas, profesionais, activistas e institucións no campo dos estudos de mulleres e no xénero, a investigación feminista, os dereitos das mulleres, a igualdade de xénero e a diversidade. Na súa web atópanse diferentes recursos de utilidade para introducir a perspectiva de xénero na docencia e na investigación. Un exemplo é a colección de libros «Teaching with Gender».

<https://bit.ly/37APVRt>

*Journal of Gender Studies*

Revista científica interdisciplinaria (ISI) que publica artigos desde unha perspectiva feminista. Abrangue unha ampla gama de áreas temáticas, entre elas as ciencias sociais.

<https://bit.ly/2FiWdJ8>

*Gender & Society*

Revista científica de primeiro nivel (ISI) en socioloxía e estudos de mulleres.

<https://bit.ly/2SPiZq>

*Social Politics: International Studies in Gender, State & Society*

Revista indexada (ISI) en análises internacionais e interseccionais sobre sociedade, política e políticas desde unha perspectiva feminista.

<https://bit.ly/2Qn9iYu>

*Journal of Research in Gender Studies*

Revista científica de ciencias sociais e estudos de xénero (Scopus).

<https://bit.ly/2Qk1GFV>

## 2. BIBLIOGRAFIA DE REFERENCIA

ABOITES, Hugo (s. d.). *Mecanismo para restaurar la jerarquía «natural» entre géneros. Exámenes de opción múltiple: una evaluación discriminatoria.*

<https://bit.ly/39oeOBI>.

ALMEDA, Elisabet (2015). «Género, diversidad y familias monoparentales», en TORRES, Cristóbal (ed.). *España 2015. Situación social* (360-367). Madrid: Centro de Investigacións Sociolóxicas.

ALMEDA, Elisabet e DI NELLA, Dino (2011). *Introducción a las familias monoparentales*. Volumen I. Barcelona: Copalqui Editorial.

ALMEDA, Elisabet; DI NELLA, Dino e OBIOL, Sandra (2007). *Las familias monoparentales desde una perspectiva de género*. Barcelona: Copalqui Editorial.

ANDERSON, Margaret (1993). *Thinking about Women: Sociological and Feminist Perspectives*. Nova York: Macmillan.

BENGOECHEA, Mercedes (2014). «Las buenas alumnas ante los TFG: atrapadas entre la cultura comunicativa femenina y el androcentrismo», en UNIDADE DE IGUALDADE III *Xornada de Innovación en Xénero. Docencia e Investigación*. Vigo: Universidade de Vigo.

BERNARD, Jessie (1973). «My four revolutions: An autobiographical history of the ASA». *American Journal of Society*, 78: 773-791.

BIGLIA, Barbara e JIMÉNEZ, Edurne (2012). «Los desafíos de la pedagogía cyberfeminista: un estudio de caso». *Athenea Digital*, 12(3).

BIGLIA, Barbara e VERGÉS-BOSCH, Núria (2016). «Cuestionando la perspectiva de género en la investigación». *Revista d'Innovació i Recerca en Educació*, 9(2): 12-29.

- BOLGER, Niall e KELLAGHAN, Thomas (1990). «Method of Measurement and Gender Differences in Scholastic Achievement». *Journal of Educational Measurement*, 27(2): 165-174.
- COBO, Rosa (2005). «El género en las ciencias sociales». *Cuadernos de Trabajo Social*, 249(18): 249-258.
- COLEN, Shelee (1995). «Like a Mother to Them»: *Stratified Reproduction and West Indian Childcare Workers and Employers in New York. Conceiving the New World Order: The Global Politics of Reproduction*. Berkeley: University of California Press.
- CRENSHAW, Kimberlé (1991). «Mapping the margins: Intersectionality, identity politics, and violence against women of color». *Stanford Law Review*, 43(6): 1241-1299.
- DE MIGUEL, Ana (1999). «La sociología olvidada: género y socialización en el desarrollo de la perspectiva sociológica». *Política y Sociedad*, 32: 161-171.
- GOLOMBOK, Susan (2015). *Modern Families Parents and Children in New Family Forms*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HERMAN, Clem e KIRKUP, Gill (2017). «Combining feminist pedagogy and transactional distance to create gender-sensitive technology-enhanced learning». *Gender and Education*, 29(6): 781-795.
- INHORN, Marcia e BIRENBAUM-CARMELI, Daphna (2008). «Assisted reproductive technologies and culture change». *Annual Review of Anthropology*, 37(1): 177-196.
- LEDUC, Brigitte (2009). *Guidelines for Gender Sensitive Research*. <https://bit.ly/2ZvepbK>.
- LÓPEZ, Miguel (2015). *Aula invertida: otra forma de enseñar y aprender*. <https://bit.ly/37eZiG8>.
- LUXÁN, Marta e BIGLIA, Barbara (2011). «Pedagogía cyberfeminista: entre utopía y realidades». *Education in the Knowledge Society*, 12(2).
- MASCARENHAS, Maya N.; FLAXMAN, Seth R.; BOERMA, Ties; VANDERPOEL, Sheryl e STEVENS, Gretchen A. (2012). «National, regional, and global trends in infertility prevalence since 1990: a systematic analysis of 277 health surveys». *PLoS Medicine*, 9(12).

- MOHANTY, Chandra Talpade (2003). «"Under Western Eyes" revisited: feminist solidarity through anticapitalist struggles». *Signs* 28(2): 499-535.
- MORA, Enrico e PUJAL, Margot (2009). *Introducción de la perspectiva de género en la docencia universitaria*. <https://bit.ly/2tRXcgX>.
- PÉREZ, Tania (2010). «Aportes feministas a la Educación popular: entradas para repensar pedagógicamente la popularización de la ciencia y la tecnología». *Educação e Pesquisa*, 36(1).
- RAPP, Rayna (2001). «Gender, body, biomedicine: how some feminist concerns dragged reproduction to the center of social theory». *Medical Anthropology Quarterly*, 15(4): 466-477.
- REID, Megan; DIRKS, Danielle e ASELTINE, Elyshia (2009). «Stratified Reproduction». En O'BRIENE, Jodi. *Encyclopedia of Gender and Society* (810-812). Londres: Sage Publications.
- ROSSER, Phyllis (1989). *The SAT Gender Gap*. Washington DC: Center for Women Policy Studies.
- SALTZMAN, Janet (2009). *Handbook of Sociology of Gender*. Boston (MA): Springer.
- SAMA RESOURCE GROUP FOR WOMEN AND HEALTH (2010). *Unravelling the fertility industry: challenges and strategies for movement building*. Nova Delhi: Sama.
- SPAR, Deborah (2006). *The Baby Business: How Money, Science, and Politics Drive the Commerce of Conception*. Cambridge: Harvard Business School Press.
- EUROPEAN ASSOCIATION FOR GENDER RESEARCH, EDUCATION AND DOCUMENTATION (s. d.). *Teaching with gender» book series*. <https://bit.ly/2MAruLV>.
- WHARTON, Amy (2012). *The Sociology of Gender: An Introduction to Theory and Research*. Reino Unido: Wiley-Blackwell.
- WHO, UNICEF, UNFPA and The World Bank estimates (2010). *Trends in Maternal Mortality: 1990 to 2010*. Francia: Organización Mundial da Saúde. <https://bit.ly/2Q5cFmM>.

### 3. LIGAZÓNS A GUÍAS DOCENTES DE MATERIAS ESPECÍFICAS DE XÉNERO

Materia Socioloxía da Familia e do Ciclo Vital do grao de Socioloxía da UB

<https://bit.ly/2MCi7LL>

Materia Socioloxía dos Xéneros do grao de Socioloxía da UB

<https://bit.ly/2Q2aotP>

Materia Benestar, Familias e Xénero do máster en Estudos de Mulleres, Xénero e Cidadanía do Instituto Interuniversitario de Estudos de Mulleres e Xénero

<https://bit.ly/2ssLNE3>

Materia Mulleres, Control e Exclusión Social do máster de Socioloxía: Transformación Social e Innovación da UB

<https://bit.ly/2QqAleB>

Materia Socioloxía do Xénero do grao de Socioloxía da Universidad Complutense Madrid

<https://bit.ly/356uk1m>

## Economía

### 1. WEBGRAFÍA SOBRE MATERIAIS DOCENTES, INVESTIGACIÓNS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

International Association for Feminist Economics

Trátase dunha asociación internacional en que participan economistas feministas de recoñecido prestixio. Organizan congresos anuais e teñen unha revista indexada chamada *Feminist Economics* (ISI), onde se poden atopar algunhas das publicacións máis relevantes sobre economía feminista.

<https://bit.ly/36928ME>

<https://bit.ly/2SztxnH>

*Revista de Economía Crítica*



Revista indexada (Latindex) sobre diferentes ramas da economía crítica, onde se pode atopar un gran número de artigos sobre economía feminista.

<https://bit.ly/zt6hiDT>

*Gender, Work & Organization*

É unha revista indexada (ISI) sobre xénero e traballo. Organiza conferencias bianuais.

<https://bit.ly/2Qq6joc>

*Gender & Development*

É unha revista indexada (ISI) sobre xénero e desenvolvemento.

<https://bit.ly/39kpv8a>

*Feminist Economics*

É unha revista indexada (ISI) sobre perspectivas económicas feministas.

<https://bit.ly/3eny1Ew>

Plataforma Impacto de Género Ya!

Trátase dunha plataforma que realiza informes sobre os impactos de xénero dos orzamentos xerais do Estado, alternativos aos oficiais e desde unha perspectiva feminista. Ademais realizan un labor de denuncia, de divulgación e de incidencia política.

<https://bit.ly/2SztxnH>

## 2. BIBLIOGRAFÍA

BENERÍA, Lourdes (2003). «Introducción. La mujer y el género en la economía: un panorama general», en DE VILLOTA, Paloma (ed.), *Economía y género. Macroeconomía, política fiscal y liberalización. Análisis de su impacto sobre las mujeres* (23-74). Barcelona: Icaria.

BOSCH, Anna; CARRASCO, Cristina e GRAU, Elena (2005). «Verde que te quiero violeta. Encuentros y desencuentros entre feminismo y ecologismo», en TELLO, Enric (ed.), *La historia cuenta. Del crecimiento económico al desarrollo humano sostenible* (321-346). Barcelona: El Viejo Topo.

CARRASCO, Cristina (resp.) (2006a). *Estadístiques sota sospita. Proposta de nous indicadors des de l'experiència femenina*. Barcelona: Instituto Catalán das Mulleres.

- CARRASCO, Cristina (2006b). «La economía feminista: una apuesta por otra economía», en VARA, María Jesús (coord.), *Estudios sobre género y economía* (29-62). Madrid: Akal. <https://bit.ly/2MDgKiK>.
- CARRASCO, Cristina (2004). *Trabajo con mirada de mujer. Propuesta de una encuesta de población activa no androcéntrica*. Madrid: Consello Económico e Social.
- CARRASCO, Cristina (2003). «¿Conciliación? No, gracias. Hacia una nueva organización del tiempo y del trabajo», en ídem; AMOROSO, María Inés; BOSCH, Anna; FERNÁNDEZ, Hortensia e MORENO, Neus, *Malabaristas de la vida. Mujeres, tiempos y trabajos* (16-34). Barcelona: Icaria. <https://bit.ly/2tdPm0l>.
- CARRASCO, Cristina (2001). «La sostenibilidad de la vida humana: ¿un asunto de mujeres?» *Mientras Tanto*, 82: 43-70.
- CARRASCO, Cristina (ed.) (1999). *Mujeres y economía: nuevas perspectivas para viejos y nuevos problemas*. Barcelona: Icaria.
- CARRASCO, Cristina e DOMÍNGUEZ, Màrius (2013). «Family Strategies for Meeting Care and Domestic Work Needs: Evidence From Spain». *Feminist Economics*, 17(4): 159-188.
- CARRASCO, Cristina e SERRANO, Mónica (2005). *Propuesta para una cuenta satélite de la producción doméstica de los hogares para Cataluña*. <https://bit.ly/39h1Mpk>.
- CARRASCO, Cristina e DOMÍNGUEZ, Màrius (2003). «Género y usos del tiempo: nuevos enfoques metodológicos». *Revista de Economía Crítica*, 1: 129-152. <https://bit.ly/2Sy75e5>.
- CARRASCO, Cristina; BORDERÍAS, Cristina e TORNS, Teresa (editors) (2011). *El trabajo de cuidados. Historia, teoría y políticas*. Madrid: Los Libros de la Catarata.
- CARRASCO, Cristina; DÍAZ, Carme; MARCO, Inés; ORTIZ, Rosa e SÁNCHEZ, Marina (2014). «Expolio y servidumbre: apuntes sobre la llamada deuda de cuidados». *Revista de Economía Crítica*, 18: 48-59. <https://bit.ly/2Zwlc4X>.
- CASANUEVA, Annalí e MARTÍNEZ, Àngels (2010). «La crisis en femenino plural». *Revista de Economía Crítica*, 9: 53-74. <https://bit.ly/367tWkO>.
- DE LA FUENTE, María (dir.) (2016). *La fiscalidad en España desde una perspectiva de género*. <https://bit.ly/37llxtV>.

- DE VILLOTA, Paloma (2017). «Aproximación al análisis de la política fiscal durante la crisis desde la perspectiva de género». *Ekonomiaz*, 91: 278-299.
- DE VILLOTA, Paloma (2011). «El impacto de la crisis económica en los tributos y en la sostenibilidad del nuevo modelo social en España. Aproximación desde una perspectiva de género». *Investigaciones Feministas*, 2: 71-94.
- DE VILLOTA, Paloma (1999). «Aproximación al estudio de la política fiscal en España desde una perspectiva de género», en CARRASCO, Cristina (ed.), *Mujeres y economía. Nuevas perspectivas para viejos y nuevos problemas* (307-333). Barcelona: Icaria.
- EZQUERRA, Sandra (2012). «Acumulación por desposesión, género y crisis en el Estado español». *Revista de Economía Crítica*, 14(2): 124-147. <https://bit.ly/2QriwBF>.
- GÁLVEZ, Lina (2013). «Una lectura feminista del austericidio». *Revista de Economía Crítica*, 15: 80-110. <https://bit.ly/2Q6D9UW>.
- IZQUIERDO, María Jesús (1998). *El malestar en la desigualdad*. Madrid: Cátedra.
- PÉREZ-OROZCO, Amaia (2010). «Diagnóstico de la crisis y respuestas desde la economía feminista». *Revista de Economía Crítica*, 9: 131-144. <https://bit.ly/2tU8dHO>.
- PÉREZ-OROZCO, Amaia (2006). *Perspectivas feministas en torno a la economía: el caso de los cuidados*. Madrid: Consello Económico e Social.
- PICCHIO, Antonella (2001). «Un enfoque macroeconómico “ampliado” de las condiciones de vida», en CARRASCO, Cristina (ed.), *Tiempos, trabajos y genero* (15-38). Barcelona: Universidate de Barcelona.
- REID, Margaret (1934). *The Economics of Household Production*. Madison: J. Wiley & Sons.
- SÁNCHEZ, Cristina (2008). «Gènere i conciliació de la vida personal, familiar i laboral», en Fundación Jaume Bofill (comp.), *Condicions de vida i desigualtats a Catalunya 2001-2005*. Barcelona: Editorial Mediterrània e Fundació Jaume Bofill.
- TORNS, Teresa e RECIO, Carolina (2012). «Las desigualdades de género en el mercado de trabajo: entre la continuidad y la transformación». *Revista de Economía Crítica*, 14(2): 178-202. <https://bit.ly/2ZvoUZP>.

- VANDELAC, Louise (1994). «La economía doméstica a la salsa mercantil... o las valoraciones monetarias del trabajo doméstico», en BORDERÍAS, Cristina; CARRASCO, Cristina e ALEMANY, Carme (1994). *Las mujeres y el trabajo. Rupturas conceptuales*. Barcelona: Icaria.
- WARING, Marilyn (1994). *Si las mujeres contaran. Una nueva economía feminista*. Madrid: Vindicación Feminista.

### 3. LIGAZÓNS A GUÍAS DOCENTES DE MATERIAS ESPECÍFICAS DE XÉNERO

Materia Mulleres, Traballos e Sociedade do grao de Administración de Empresas da UB

<https://bit.ly/39gSJ7L>

Materia Economía Feminista do máster en Estudos de Mulleres, Xénero e Cidadanía do Instituto Interuniversitario de Estudos de Mulleres e Xénero

<https://bit.ly/365roFc>

<https://bit.ly/37b7tmO>

Materia Teoría Económica e Sociedade do grao de Economía da UOC

<https://bit.ly/2Q4Z7HI>

Materia Muller, Familia e Mercado Laboral do grao de Relacións Laborais da UPF

<https://bit.ly/2SvoLXP>

Materia Desigualdades, Globalización e Xénero do máster en Estudos de Mulleres, Xénero e Cidadanía, do Instituto Interuniversitario de Estudos de Mulleres e Xénero

<https://bit.ly/2MxQza8>

<https://bit.ly/366eFjY>

Materia Mulleres, Tempos e Vida Cotiá do máster en Estudos de Mulleres, Xénero e Cidadanía do Instituto Interuniversitario de Estudos de Mulleres e Xénero

<https://bit.ly/2t6rln8>

<https://bit.ly/2Q3CCD7>

## Ciencia política

### 1. WEBGRAFÍA SOBRE MATERIAS DOCENTES, INVESTIGACIÓN E PROXECTOS

IPSA Research Committee on Gender Politics and Policy

Dentro da International Political Science Association (IPSA) no comité de investigación internacional Gender, Politics and Policy participan persoas de todo o mundo que investigan sobre xénero, política e políticas públicas, o que facilita o intercambio internacional e os proxectos comparativos. Entre outras cousas, organizan congresos internacionais sobre a temática.

<https://bit.ly/354noU6>

ECPR Standing Group on Gender and Politics

Grupo de xénero do European Consortium for Political Research (ECPR). Organizan congresos bianuais sobre xénero e ciencia política. Ademais teñen un banco de datos de cursos sobre xénero e política.

<https://bit.ly/368pSko>

*Politics & Gender*

Revista indexada (ISI) especializada en xénero e política. Pódense atopar publicacións internacionais sobre a temática.

<https://bit.ly/2QtX8jU>

*International Feminist Journal of Politics*

Revista indexada (ISI) sobre a ciencia política desde unha perspectiva feminista.

<https://bit.ly/2QpsmnK>

*Journal of Women, Politics and Policy*

Revista indexada (ISI) sobre mulleres e política.

<https://bit.ly/37kOc2z>

*European Journal of Politics and Gender*

Revista de recente creación sobre mulleres e política.

<https://bit.ly/39jsayX>

## 2. BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA

- AMORÓS, Celia e COBO, Rosa (2005). «Feminismo e ilustración», en AMORÓS, Celia e DE MIGUEL, Ana (eds.), *Teoría feminista. De la ilustración a la globalización. De la ilustración al segundo sexo*. Volume I (90-144). Madrid: Minerva.
- BURNS, Nancy; SCHLOZMAN, Kay e VERBA, Sidney (2001). *The Private Roots of Public Life. Gender, Equality, and Political Participation*. Cambridge: Harvard University Press.
- BUSTELO, María e LOMBARDO, Emanuela (2016). «Género y política», en BARREDA, Mikel e RUIZ Leticia M. (coords.), *Análisis de la política: enfoques y herramientas de la ciencia política* (439-462). Barcelona: Huygens.
- BUTLER, Judith (2011). *El género en disputa*. Barcelona: Paidós.
- DAHL, Robert (1992). *La democracia y sus críticos*. Barcelona: Paidós.
- DAHLERUP, Drude (2006). «The Story of the Theory of Critical Mass». *Politics & Gender*, 2(4): 511-522.
- DIZ, Isabel e LOIS, Marta (2012). ¿Han conquistado las mujeres el poder político? Un análisis de su representación política en las instituciones autonómicas. Madrid: Catarata.
- FOX, Richard L. e LAWLESS, Jennifer L. (2011). «Gendered perceptions and political candidacies. A central barrier to women's equality in electoral politics». *American Journal of Political Science*, 55(1): 59-73.
- HAWKESWORTH, Mary (2006). *Feminist Inquiry*. Nova Jersey: Rutgers University Press.
- HEKMAN, Susan (1992). «The embodiment of the subject: Feminism and the communitarian critique of Liberalism». *The Journal of Politics*, 54(4): 1098-1119.
- KROOK, Mona Lena (2009). *Quotas for Women in Politics: Gender and Candidate Selection Worldwide*. Oxford: Oxford University Press.
- LEWIS, Jane (2002). «Gender and Welfare State Change». *European societies*, 4(4): 331-357.

- LOIS, Marta e ALONSO, Alba (coords.) (2014). *Ciencia política con perspectiva de género*. Madrid: Akal.
- NORRIS, Pipa (2006). «Recruitment», en KATZ, Richard e CROTTY, William J. (2006), *Handbook of Party Politics*. Londres: Sage.
- OKIN, Susan Moller (1991). «Gender, the Public, and the Private, en PHILLIPS, Anne (ed.), *Feminism and politics* (116-158). Nova York: Oxford University Press.
- OKIN, Susan Moller (1989). *Justice, Gender, and the Family*. Nova York: Basic Books.
- PATEMAN, Carole (1988). *El contrato sexual*. Barcelona: Anthropos Editorial.
- PATEMAN, Carole (1970). *Participation and Democratic Theory*. Cambridge: Cambridge University Press.
- PHILLIPS, Anne (1995). *The Politics of Presence*. Oxford: Clarendon.
- RAWLS, John (1979). *Teoría de la justicia*. México: Fondo de Cultura Económica.
- VERGE, Tània (2014). «Comportamiento político, en LOIS, Marta e ALONSO, Alba (coords.), *Ciencia política con perspectiva de género* (99-128). Madrid: Akal.
- VERGE, Tània (2008). «Cuotas voluntarias y legales en España. La paridad a examen». *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 12: 123-150.
- VERGE, Tània e CLAVERIA, Sílvia (2016). «Gendered political resources: The case of party office». *Party Politics*, 24(5): 1-13.
- VERGE, Tània e TORMOS, Raül (2012). «La persistencia de las diferencias de género en el interés por la política». *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 138: 89-108.
- WAYLEN, Georgina; CELIS, Karen; KANTOLA, Johanna e WELDON, Laurel (eds.) (2015). *Handbook on Gender and Politics*. Oxford: Oxford University Press. <https://bit.ly/37ei2pe>.

### 3. LIGAZÓNS A GUÍAS DOCENTES DE MATERIAS ESPECÍFICAS DE XÉNERO

Materia The Politics of Gender Equality do grao en Ciencias Políticas e da Administración da UPF  
<https://bit.ly/356R55k>

Materia Xénero e Familia» do grao en Ciencias Políticas e da Administración da UPF

<https://bit.ly/2SBLJMT>

Materia Xénero e política do grao en Ciencias Políticas da Universidade Complutense de Madrid

<https://bit.ly/2FoYTel>

Materia Políticas Públicas desde a Perspectiva Feminista do máster en Estudos de Mulleres, Xénero e Cidadanía do Instituto Interuniversitario de Estudos de Mulleres e Xénero

<https://bit.ly/2MDx5kt>

Materia Políticas e plans de igualdade, grao en Relacións Laborais da Universidade Pompeu Fabra

<https://bit.ly/2XPnbSF>

Materia Dereitos e Garantías Xurídicas. Mulleres, Familia e Xustiza» do máster en Estudos de Mulleres, Xénero e Cidadanía do Instituto Interuniversitario de Estudos de Mulleres e Xénero

<https://bit.ly/2MCKitX>

### **Glosario de conceptos para socioloxía, economía e ciencia política**

A seguir defínense algúns conceptos que son comúns ás tres disciplinas aquí traballadas e que poden resultar de utilidade.

**Fenda salarial de xénero:** fai referencia á diferenza nos salarios medios entre mulleres e homes, expresada como unha porcentaxe do salario masculino. Calcúlase mediante a diferenza entre os salarios brutos por hora de homes e de mulleres. A fenda salarial pode ser axustada ou non axustada. No marco da UE utilízase a non axustada, o que quere dicir que no seu cálculo non se teñen en conta as diferenzas persoais (como a idade ou o nivel educativo) nin as características do posto de traballo (como o sector de actividade ou a categoría profesional). A fenda salarial axustada considera as devanditas diferenzas e características, e céntrase nas diferenzas salariais que pode haber tendo as mesmas características persoais e nun lugar de traballo tamén similar. Estas diferenzas xúlganse discriminatorias.

Fonte: Eurostat.



**Cegueira de xénero:** é a ausencia recoñecemento de que os roles e as responsabilidades de mulleres e homes son atribuídas ou impostas en función do seu sexo en todos os ámbitos da vida; contextos sociais, culturais, económicos e políticos específicos. Dicimos que os proxectos, os programas ou as políticas públicas cegas ao xénero non teñen en conta estes diferentes roles e estas necesidades diversas. Por tanto, manteñen o status e non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero.

Fonte: EIGE.

**Interseccionalidade:** fai referencia ao carácter multidimensional das desigualdades sociais e das identidades. Ten a ver coa relación que se produce entre diferentes eixes de desigualdade: a clase social, o xénero, a etnia, a orixe, a identidade sexual, a relixión, a idade ou a diversidade funcional. Unha perspectiva interseccional require ter en conta este vínculo que se produce entre eixes de desigualdade e entendelos de forma conxunta. Non se trata de sumar os diferentes eixes de desigualdade, senón de sinalar as interseccións que se producen entre eles. Así, por exemplo, as desigualdades de xénero maniféstanse de forma diferente en función da orixe, a clase social ou a etnia.

**Lexislacións neutras (ou cegas ao xénero):** aquelas que se redactan en termos universais, ignorando as situacións específicas de xénero e as relacións de poder entre mulleres e homes que sustentan a discriminación por razón de sexo e xénero, incluída a violencia de xénero contra as mulleres. É necesaria a avaliación das leis de neutros de xénero que tratan mulleres e homes por igual para avaliar se obstaculizarán ou acelerarán a igualdade de xénero, se eliminarán a discriminación baseada no sexo e no xénero.

Fonte: EIGE.

**Perspectiva de xénero (aplicada ás políticas públicas):** adoptar unha perspectiva de xénero implica ter en conta as diferenzas de xénero ao observar calquera fenómeno, política ou proceso social. A perspectiva de xénero céntrase especialmente nas diferenzas baseadas no xénero en relación co status e co poder, e considera como esta discriminación configura as necesidades inmediatas, así como os intereses no longo prazo, de mulleres e homes. Nun contexto político, tomar unha perspectiva de xénero é

unha estratexia para que as preocupacións e as experiencias das mulleres, do mesmo xeito que as dos homes, sexan unha dimensión integral do deseño, a implementación, o seguimento e a avaliación de políticas e programas en todos os ámbitos, político, económico e social, polo que as mulleres e os homes se benefician por igual e a desigualdade non se perpetúa.

Fonte: EIGE.

**Políticas neutras (ou cegas ao xénero):** aquelas que non están orientadas a mulleres nin a homes especificamente, e que se supón que afectan a ambos os sexos por igual. No entanto, en realidade adoitan manter as desigualdades de xénero existentes ou mesmo producir un impacto diferencial entre mulleres e homes, en particular entre mulleres e homes de grupos desfavorecidos. As políticas neutras ao xénero non promoven a igualdade de xénero.

Fonte: EIGE.

**Second shift:** tradúcese en que as mulleres teñen unha «segunda quenda» de traballo unha vez finalizada a súa xornada laboral no mercado laboral. Todo o traballo realizado á marxe do traballo remunerado está principalmente vinculado ao traballo de coidados. Esta segunda quenda é máis ou menos recoñecida ou soportada polas políticas públicas dependendo de variables como a clase social, a etnia, a xeografía etc. Os datos mostran que as mulleres fan unha segunda quenda no sentido de ter unha maior carga de traballo, non só unha maior participación no traballo doméstico. Isto non é evidente se se pasan por alto as actividades simultáneas que se efectúan a miúdo no marco do traballo de coidados.

Fonte: EIGE.

**Segregación vertical:** fai referencia á distribución desigual de mulleres e homes en posicións de responsabilidade, aínda que tamén canto á remuneración, o prestixio, a estabilidade laboral etc., independentemente do sector da actividade. Un exemplo de segregación vertical témolo na menor presenza de mulleres nos consellos de administración das empresas.

**Segregación horizontal:** a segregación horizontal refírese á concentración das mulleres en determinados sectores e ocupacións, polas dificultades que atopan para acceder a outras profesións, que habitualmente son tipificadas como masculinas. Un exemplo de segregación horizontal sería a feminización do sector educativo.

Fonte: EIGE.

**Teito de cristal:** refírese á existencia dunha barreira invisible con que se atopan as mulleres no mundo laboral e que dificulta o seu acceso aos cargos de maior responsabilidade e poder de decisión. Esta barreira aparentemente invisible susténtase en estereotipos asociados á feminidade que se naturalizan e xeran prexuízos sobre as súas capacidades como profesionais.

Fonte: EIGE.

**Sticky floor:** trátase dunha expresión que se utiliza como metáfora para referirse a un padrón de emprego discriminatorio que mantén as persoas traballadoras, principalmente mulleres, nos rangos máis baixos da escala laboral, con pouca mobilidade e barreiras invisibles ao progreso profesional.

Fonte: EIGE.

### Referencias bibliográficas comúns

- ALMEDA, Elisabet e DI NELLA, Dino (2011). «Introducción a las familias monoparentales», en ídem (eds.), *Colección Familias monoparentales y diversidad familiar*. Volume I (27-39). Barcelona: Copalqui Editorial.
- ALMEDA, Elisabet; DI NELLA, Dino e OBIOL, Sandra (2007). *Les famílies monoparentals des d'una perspectiva de gènere*. Barcelona: Copalqui Editorial.
- BIGLIA, Bárbara (2000). «Universidades: ¿espacios de creación o recreación de conocimientos?» Relatorio presentado no Primeiro Encontro de Doutorandos de Psicoloxía Social, que tivo lugar na Universidade Autónoma de Barcelona no ano 2000. <https://bit.ly/2F16ERA>.

- DI NELLA, Dino; ALMEDA, Elisabet e ORTIZ, Rosa (2014). «Perspectiva no androcéntrica en los estudios sobre familias monoparentales. Reflexiones e implicaciones metodológicas». *Athenea Digital*, 14(4): 181-207. <https://bit.ly/2EWGjUO>.
- HARAWAY, Donna (1995). *Ciencia, cyborgs y mujeres. La reinención de la naturaleza*. Madrid: Cátedra.
- HARDING, Sandra (1996). *Ciencia y feminismo*. Madrid: Morata.
- PRATS, Maria (1998). «Geografía feminista I. Metodología: Reflexió sobre un procés d'aprenentatge paral·lel». *Cuadernos de Geografía*, 64: 313-323. <https://bit.ly/2MA55x2>.
- TORTOSA, José María (coord.) (2001). *Pobreza y perspectiva de género*. Barcelona: Icaria.
- VILLARMEA, Stella (1999). «Conocimientos situados y estrategias feministas». *Redes*, 17(18): 219-236. <https://bit.ly/2ZAYLQX>.

## •• 08. Para afondar

A continuación preséntase o resumo dalgunhas ideas da resposta da economía feminista ao androcentrismo do pensamento económico das escolas clásica, neoclásica e marxista. Aínda que nos apartados anteriores resumimos as principais críticas feitas pola economía feminista, cremos que tamén hai que mostrar máis detalladamente as súas achegas a cada unha destas escolas.

En primeiro lugar, a economía clásica desenvólvese nun contexto histórico en que se producen cambios económicos, sociais e políticos profundos ligados á industrialización e ao liberalismo. Nas sociedades preindustriais, o fogar era o espazo tanto de reprodución da poboación como da produción de bens e servizos para o autoabastecemento e a venda no mercado. Coa industrialización a produción sae dos fogares para darse fundamentalmente nas fábricas, xorde a división sexual do traballo e a esfera doméstica e o traballo doméstico asígnanse ás mulleres, mentres que a esfera pública estará principalmente asignada aos homes. Aínda que nas fábricas tamén había unha ampla presenza feminina, dada a insuficiencia do salario masculino das clases traballadoras, entenderase que o espazo das mulleres é o fogar.

Os temas que preocupan os economistas clásicos, como Adam Smith, son os relacionados coa xeración da riqueza procedente do traballo asalariado e das relacións mercantís. O ámbito doméstico considerárase improdutivo e non económico. Só o relacionado coa esfera pública será obxecto de estudo da economía. Aínda que Adam Smith recoñece que a actividade doméstica é necesaria para reproducir os futuros traballadores que contribuirán á riqueza das nacións, non outorga ningún valor económico a esta actividade. Ademais, defenderá a división sexual do traballo, polo que o papel principal das mulleres debe ser, ao seu xuízo, o de nais e esposas.

As mulleres feministas contemporáneas aos autores economistas clásicos cuestionan as súas ideas e teorías, a reflexionar sobre temas como as desigualdades laborais entre mulleres e homes, a división sexual do traballo ou o recoñecemento do traballo doméstico. Dentro destas precursoras da economía feminista atópase Priscilla Wakefield, que criticou a

Adam Smith por non integrar o traballo doméstico na súa análise. Outras mulleres como Victoire Daubié, Barbara Bodichon ou Harriet Taylor Ada Heather-Bigg defenderon a igualdade formal entre mulleres e homes no ámbito laboral e mercantil, e reivindicaron o dereito á propiedade privada, á educación ou a un traballo remunerado en igualdade de condicións.

En segundo lugar, coa escola neoclásica fortalécese aínda máis a división de esferas e de traballos. O centro de estudo pasará da produción ao mercado, de forma que todo o que non se intercambie no mercado será considerado como non económico, polo que se suman elementos á invisibilización e ao desprezo do traballo dos coidados e da esfera doméstica. Por outra parte, un concepto fundamental desta escola é o do individuo racional, que buscará sempre a maximización da súa utilidade individual e supoñeráse que está dispoñible totalmente para o traballo mercantil. Entenderase como un ser independente e autónomo, obviando a súa necesidade de coidados, así como as responsabilidades nos coidados que habería que asumir. Nin necesita que o coiden nin debe coidar a ninguén, polo que pode dedicarse plenamente á produción capitalista.

A resposta feminista ao pensamento neoclásico é moi ampla. Xa desde os inicios do século XX os debates pioneiros se centran na desigualdade salarial, que se xustificaba pola menor produtividade das mulleres con base nas súas peores oportunidades de estudo e menores necesidades económicas, dado que non eran as sustentadoras principais do fogar. Autoras como Ada Heather-Bigg, Beatrice Webb e Millicent Garrett Fawcett mostraron como durante a Primeira Guerra Mundial as mulleres, que ocuparon os postos de traballo que deixaran os homes que participaron na guerra, asumiran esta función sen que iso fose acompañado dunha diminución da produtividade. Canto á xustificación dos salarios máis baixos das mulleres polas súas menores necesidades económicas, defendeuse que este argumento se contraponía aos supostos da escola neoclásica, segundo os cales os salarios veñen determinados pola produtividade marxinal.

O segundo debate feminista en resposta á escola neoclásica ten que ver co recoñecemento do traballo doméstico como traballo. Cabe salientarmos as achegas de Charlotte Perkins Gilman, que entende o fogar como un espazo de produción, onde as mulleres son as administradoras e as tra-

balladoras. Esta autora propón traspasar unha parte do traballo doméstico ao mercado, de maneira que as mulleres poidan destinar máis tempo ao traballo mercantil. Margaret Reid, pola súa vez, propón unha metodoloxía para valorar do punto de vista monetario a produción doméstica.

Seguindo con este debate da produción doméstica, a nova economía da familia, o autor máis destacado, Gary Becker (1981), sostén que nos fogares se toman decisións racionais marcadas pola maximización da utilidade familiar. Sería o xefe de familia, segundo Becker, o que incorporaría á súa función de utilidade a utilidade do resto dos membros do fogar. A crítica feminista a esta formulación é que se estaría a supor que no fogar se dan relacións harmónicas, obviando as violencias e as desigualdades que operan neste espazo e reforzando a división de esferas, segundo a cal no ámbito mercantil e no privado habería diferentes valores. Doutra banda, entender que é o xefe de familia quen incorpora a utilidade dos membros da familia supón aceptar a autoridade patriarcal no fogar.

En terceiro e último lugar, en referencia ao marxismo, é principalmente desde o feminismo materialista que se puxo de relevo o nesgo androcéntrico desta escola. As feministas materialistas analizan a opresión das mulleres con base na súa relación cos modos de produción e redefinen os conceptos de clase e de explotación. Alén disto, amosan a relación entre capitalismo e patriarcado e conceptualizan o que chaman capitalismo patriarcal como fonte de todas as desigualdades sociais, incluídas as de xénero.

Dentro do feminismo materialista destacan autoras como Christine Delphy (1982), Dalla Costa (1975) ou Zillah Eisenstein (1980), que cuestionan que o materialismo histórico non faga unha análise da explotación das mulleres no ámbito doméstico. Critican tamén que conceptos como os de explotación ou plusvalía non considerasen este traballo. A forza de traballo, explotada polo capital, necesita ser reproducida, polo que require do traballo realizado nos fogares. Por tanto, a plusvalía que extrae o capital do traballo procede en parte do traballo dos coidados, polo que en termos marxistas se podería afirmar que o capitalismo explota a unidade doméstica. Deste xeito, non só os conceptos de traballo e produción, senón tamén os de plusvalía e explotación, quedan resignificados mediante as achegas das economistas feministas.

## GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

A incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria segue a ser un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo e estatal. Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero é unha política integral orientada a promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes prexuízos. Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible á incorporación da perspectiva de xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado, e mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re)producidas. Sobre estas bases e a estes obxectivos conságrase a colección de guías temáticas elaboradas pola Xarxa Vives d'Universitats e agora trasladadas á lingua galega, no marco das iniciativas financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e desenvolvidas polas unidades de igualdade do Sistema Universitario Galego.

### Ciencias da Computación

PALOMA MOREDA POZO

### Dereito e Criminoloxía

M. CONCEPCIÓN TORRES DÍAZ

### Educación e Pedagogía

MONTSERRAT RIFÀ VALLS

### Filoloxía e Lingüística

MONTSERRAT RIBAS BISBAL

### Filosofía

SONIA REVERTER-BAÑÓN

### Física

ENCINA CALVO IGLESIAS

### Historia

MÓNICA MORENO SECO

### Historia da Arte

M. LLÜISA FAXEDAS BRUJATS

### Medicina

MARÍA TERESA RUIZ CANTERO

### Psicoloxía

ESPERANZA BOSCH FIOL  
SALUD MANTERO HEREDIA

### Socioloxía, Economía e Ciencia Política

ROSA MARIA ORTIZ MONERA  
ANNA MARIA MORERO BELTRÁN

Xarxa Vives  
d'universitats



galegía



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo